

04 MAIO DO 2006 - NÚMERO 617

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



WILLIAM WEGMAN
de cans e de homes

Desde 1970, William Wegman está centrado en facer retratos de cans, pero non cans calquera: unicamente a raza de Weimaraner. O primeiro can retratado foi 'Man Ray', seguido en 1986 de 'Fay Ray' e os seus descendentes. Durante estas tres décadas, os seus cans acompañano protagonizando fotos ou vídeos, moitos emitidos desde 1989 no célebre programa infantil 'Barrio Sésamo'. Deles obtén condutas humanizadas sorprendendo o espectador, ao que constantemente lle fai chiscadelas e xogos de palabras, nunhas imaxes sempre impregnadas dun humor irónico e intelixente sen esquecer plasmar en ocasións temas transcendentais como a

William Wegman


En compañía de cans

morte ou a soidade. Agora, a galería Trinta de Compostela exhibe por vez primeira en Galicia os seus cans. William Wegman é un dos artistas que máis afondou no xénero do retrato, nunha exposición centrada nos "Curas", tema que xa utilizara Wegman anteriormente en distinos traballos videográficos. Revista das Letras dedícalle a este xenial artista o número de hoxe e percorre algúns aspectos do seu traballo, acompañados das propias reflexións do artista sobre a súa obra ou das achegas críticas que sobre ela se fixeron.









William Wegman naceu en Holyoke (Estados Unidos) en 1948. Comezou a traballar de profesor de arte no 67 e xa por eses anos ensaia os primeiros balbucidos da súa linguaxe plástica, ao primeiro influído, mesmo, pola actividade artística da estrutura "didáctica" da súa actividades docente. William Wegman actúa, para teórica Maite Barrera, como unha especie de mago cuxo espectáculo consiste en contar cómo se fan os trucos, pero ao que, a pesar de todo, lle encanta a maxia. O que en ningún caso debe darse por suposto é que este desvelamento sexa, en por si, humorístico. De feito, na maioría dos artistas que traballan nesta liña, existe un obxectivo crítico, un ton de denuncia e un certo sabor a desencanto. Non obstante, Wegman, ao realizar esta operación de provocar o desaxuste entre as nosas expectativas e o que nos fai descubrir, elixe os seus materiais para provocar, máis que un encontro fortuíto, un topetazo cómico. O desvelamento está coreografado (todo bo narrador de chistes sabe a importancia do ritmo para o seu traballo), de xeito que a sorpresa se disolva nun sorriso.




A obra de William Wegman é, sen dúbida, máis ampla que os retratos dos cans, pero a insistencia en utilizalos como modelos ao longo de trinta anos enraízase, por forza, nalgún aspecto fundamental do seu proxecto: ¿a chocallada, a parodia do retrato fotográfico, a sátira dos costumes? ¿Son "retratos simbólicos" ou é Wegman un enxeñoso que xoga? A entrada de 'Man Ray' no estudo de Wegman desordena o rigor xeométrico do conceptualismo, cumprindo con admirable obediencia canina as intrucións do artista. Así, a súa presenza vai gañando peso até que, coa chegada da polaroid, os cans se fan os reis absolutos. Ademais de tales contidos abstractos, o papel dos cans na obra de Wegman é o que lle permite unha exploración de certos aspectos visuais, esquivando por unha banda os perigos da representación humana, pero evitando, ao mesmo tempo, que previo aviso, Wegman sufrira o que David Batchelor denomina "unha caída de cor. Non pretende enganarnos en ningún momento, senón todo o contrario: xunto ao virtuosismo da construción dos seus escenarios sempre é evidente como están feitas.





"Eu quería ser orixinal des que tiña cinco anos. Quería facer algo que ninguén fixera antes e cheguei a extremos increíbles para conseguilo. Lembro que me dicía a min mesmo: "Berra dúas veces, dá tres voltas cara a atrás, tírate ao chan, zapatea tres veces. Ninguén fixo iso antes". E eu estaba moi orgulloso de min mesmo porque nunca ninguén emitira eses sons nin fixera eses movementos dese xeito tan particular. O que pasou é que cheguei a afastarme moito de como saber cando parar ou cando se acabara. Así que iso resultaba insatisfactorio. E tamén saber cando algo era bo, porque nos anos sesenta todo era bo. Lembro estar mirando un anaco de torrada no chan con Richard Artschwager. Era precioso e parecía arte. Era fermoso porque os dous eramos artistas e estabamos mirándoo e o percibíamolo como arte. E algunha porcallada na que estaba traballando no estudio (feita con acetona, poliestireno, pelo, arxila, cenouras, anacos de papel, na fin, os materiais típicos dun artista da época) caera ao chan e un artista visitante veu ao meu estudio e exclamou: "Guau, isto é xenial". Sentínme moi frustrado porque eu non tiña nada que ver con aquilo, pero el tiña razón: parecía arte". "De Borges gustábanme os seus pensamentos sobre as

cousas que volven sobre si mesmas dun modo circular. Era un modo de crear unha estrutura lineal que me atraía pero que tiña un final e un xeito de desenvolverse que eu necesitaba. Sempre pensei que o que era único na miña obra de vídeo era que sempre tiña unha forma lóxica de acabar, unha forma de regresar sobre si mesma que a convertía en todo sen necesidade de ter que internarse na música. Tamén intrigaba o que eu sempre pensara que era un espectro de temas case posmoderno con formas que se consideraban terminadas e mortas. Ao final non me sorprendeu descubrir que eu era máis oral que visual, porque en realidade sempre contara historias. Cando estaba no instituto, eu era tímido e descubrín que cando contaba historias ninguén me escoitaba. Así que podía introducir cousas que non tiñan sentido e sempre había alguén que me dicía "¿que é o que acabas de dicir?". Eu era dese tipo de persoas ás que nun bar lles custa atraer a atención dos camareiros"




Confesión

– Perdóeme padre, porque pequei.
– ¿Que clase de pecado, ou pecados? ¿Que fixo? ¿Que fixo mal?
¿Cantos pecados ten.. cometeu? ¿E cando se confesou por última vez?
– Mmm...
– ¿Canto tempo pasou desde a súa última confesión?
– Esta é a primeira vez que veño confesarme.
– ¿De verdade? ¿Converteuse recentemente?
– Non...
– ¿É vostede católica?
– Si.
– ¿Practicante? ¿Está bautizada?
– Bautizada si.
_ ¿E confirmada?
_ Mmm, si.
– Así que é unha católica rexistrada...
– Católica de carné.
– E ¿Confe... Non se confesou nunca? ¿Nunca confesou os seus pecados?
– Exacto.
– Vostede sabe que é algo que hai que facer todas as semanas, ou incluso todos os días.
– Si...
_ É moi... ¿cantos anos ten? ¿Cantos anos ten, señora?
– Eu crín que podería...
– Vostede é unha muller nova, ¿verdade?
– Si.
– Duns vinte e tantos...
– Si.

– Eu diría. ¿E foi católica toda a súa vida e nunca se confesou antes?
– Iso é.
– Ben, imos deixalo porque isto non nos leva a ningún lado. Imos ver... ¿que clase de pecado cometeu?
– ¿Cal deles?
– O pecado do que me ía falar.
– Ferín outro ser humano.
– ¿Ferido? ¿Fisicamente?
– Si.
_ ¿Que fixo?
– Eu...
– ¿Sí?
– Batín noutra persoa.
– ¿Co puño? ¿Cun obxecto?
– Co puño.
– ¿E que lle pasou á outra persoa?
– Que... Quedou inconsciente.
– Xa... ¿E vostede empezou todo iso ou foi en defensa propia dalgunha maneira?
– Non, provocáronme.
– Deb, non hai problema con iso ¿Algún outro pecado?
– Non.
– Daquela pode marchar en paz.
– Oh, grazas.
– Faltaría máis, de nada. Adeus.
– Adeus.

.....
Do rolo número nove de "Confesión" (1999)

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Chico Mirás.



11 MAIO DO 2006 - NÚMERO 618

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



MANUEL LUGRÍS
a xoia máis querida



Lugrís Freire



A
vida de Lugoís Freire
abrange, entre o 1863 do seu
nacemento e o 1940 da súa morte, a
crónica da vertixe que dominou a vida política
e cultural de Galicia nese período. É en 1863 cando
aparecen os ‘Cantares Gallegos’ de Rosalía de Castro e
en 1940 comeza a longa e escura ditadura tras a Guerra Civil.
Entre ambas as datas, Lugoís é o testemuño de excepción de boa
parte da cronoloxía galeguista, desde a eclosión da emigración –que
Pillado Maior cualifica de “escravitude branca”– ás Irmandades da Fala,
os estatutos do Partido Galeguista, a creación da Escola Rexionalista
de Declamación, o Anteproxecto de Estatuto de Autonomía ou a Real
Academia Galega, que el presidiu. A súa figura, máis impresionante canto
máis se indaga na súa biografía, quedou no máis profundo esquecemento
até que este ano, decidiu a Academia dedicarlle o 17 de maio coincidindo
co centenario da súa creación. Poeta, articulista e narrador, Lugoís Freire
acadou porén unha maior repercusión como dramaturgo, xénero ao que
lle dedicou o groso do seu traballo literario. A través das súas obras,
descubrimos ademais un autor que levou por diante a vontade
de converter o teatro nun vehículo de propaganda ideolóxica,
saltando as convencións do seu tempo e superando, mesmo,
os presupostos dos seus correligionarios. Revista das
Letras súmase ás homenaxes do 17 de maio con este
monográfico que, a través de varios especialistas
na súa obra, permiten debuxar o perfil da
que é, probablemente, a nosa
xoia máis querida.

a xoia máis querida



Versos de LUGRÍS

Alén da obra dramática, as súas claves están tamén na poesía

Ramón Nicolás

Se ben é un lugar común, xeralmente aceptado, que a produción dramatúrxica de LUGRÍS supón verdadeiramente o avance máis salientábel que a súa achega supón para o sistema literario do seu tempo, teño para min que obviar as claves da súa produción poética escurecería e non configuraría integramente todas as dimensións do seu labor creativo.

Fóra de recoñecer, a priori, que o presente Día das Letras protagonizado por Lugrís non serviu, cando menos a día de hoxe e até onde eu sei, para editar con rigorosidade a totalidade da obra poética édita do autor, moito menos aquela inédita e en absoluto a espallada e non recollida polo autor, que aínda hoxe repousa en numerosísimas cabeceiras xornalísticas de aquí e alén mar desde o ano de 1885 até 1936, si que resulta posíbel trazar, aínda que sexa brevemente, as liñas esenciais que dominan a produción poética do sadense contidas, como é ben sabido, en cinco libros dominados por un proceso de refacción e mesmo retroalimentación continua que se explica pola vontade do autor de ir, nesa viaxe que comeza en *Soidades* (1894), que pasa por *Noitebras* (1901), *Versos de loita* (1919), *Ardencias* (1927) e que conclúe n' *As mariñas de Sada* (1928), entendendo cada poemario como un avance gradual, progresivo e acumulativo no que se inclúan composicións as máis das veces levemente retocadas, que xa viron a luz anteriormente.

Este feito, doadamente constatábel, determina que a maior parte da súa produción poética se perfile como unha auténtica ferramenta ao servizo da ideloxía de Lugrís e apareza rexida por uns trazos comúns nos que sobresaie a asunción do pensamento de xinea murguiana, nalgunha medida pondaliana, acreditando que nunca se borrou de nós o pouso da identidade céltica e situando ao tempo a validez e operatividade da herdanza sueva; con todo si semella contrariar a concepción válida en Murguía a respecto da Idade Media: Lugrís, talvez polo paralelismo que establece entre o proxecto irmandiño e a praxe agrarista, defende e postula que o proceso de rexeneración de Galicia está depositado, historicamente, na raza celta e mais na lingua galega. E en efecto, alén de salientar nas súas composicións o concepto de raza celta enxalza a liñaxe histórica, por extensión o solar patrio e, o que talvez sexa máis revelador do seu pensamento, a perentoria necesidade de espallar e defender o uso da lingua galega sobrepasando vellos prexuízos que, xa daquela, se abatían sobre ela. Súmeselle a todo isto xunto o que el denominou “pregóns de guerra”, que soubo harmonizar cunha visión descritivo-costumista en ocasións, de circunstancias noutras, transparentando a carón das agardadas notas populares algunha que outra pegada modernista.

Camiña, así, Lugrís, entre as sombras, as densísimas sombras, que aínda proxectan os autores do Rexurdimento tan benqueridos por el. Lugrís non quixo, nin talvez puido, matar ese pai que tanto determina e encauza a súa voz, polo que cumpre co papel que histórica e cronoloxicamente se lle designou: tender unha ponte, en absoluto estridente, entre unha poesía que viña de nacer e que, xa no século XX, se enfrontaba a novos retos e maneiras expresivas ás que loxicamente Lugrís foi en gran medida alleo.





O emigrante

Lugrís pertencía a unha estirpe de enerxía que se desenvolveu fóra

Xosé Neira Vilas


Como nos pasou a tantos, Manuel Lugrís Freire descubriu a singularidade cultural de Galicia na emigración. No caso del, en Cuba. Cheo de inquedanzas e ilusións chegou á Habana en 1883, con vinte anos. Xa se atopaba alí o seu irmán Plácido. Toda a vitalidade que levaba consigo aquel mocío mostrouna na illa. Tense dito que os preguiceiros e os pusilámines non emigran, e que das enerxías dos que o fan se benefician os países receptores en detrimento dos de orixe. É certo, inda que de rebote algo vai quedando, pois non só veu de América, por poñer un exemplo, o financiamento de trescentas escolas instaladas en Galicia senón tamén ideas, conceptos, estatutos para sindicatos e conciencia nacional: téñase en conta que emigrantes retornados foron Villar Ponte, Ramón Cabanillas, Blanco Torres, Blanco Amor, Suárez Picallo, Alonso Ríos...

En Cuba, Manuel Lugo Freire dedicouse a gañar o imprescindible sustento, e máis alá diso atendeu a súa formación cultural, a súa militancia galeguista e a súa inserción no mundo galego-cubano. Cuba vivía entón unha paz relativa tras o chamado Pacto do Zanjón. Arribaban alí daquela moitos emigrantes peninsulares. A nosa emigración masiva comezara doce anos antes, que foi cando se creou a Sociedade de Beneficencia dos Naturais de Galicia. En 1878, nacía *El Eco de Galicia*, semanario bilingüe fundado polo estradense Walfo Álvarez Insua, e pouco despois nacía o Centro Galego. Na Habana, circulaba *Cantares Gallegos*, e Rosalía fora nomeada membro de honra das dúas asociacións mencionadas. En 1880, Alexandre Chao –director propietario de *La Propaganda Literaria*, amigo persoal de Murguía– dera a coñecer *Follas Novas*,

en lingua galega. En 1894 chega á Habana Curros Enríquez, quen prologa *Soidades*, o primeiro libro de Lugo, que verá a luz na capital de Cuba ese mesmo ano. Lugo admira fondamente o poeta de Celanova e organiza unha homenaxe en honra del.

Foron anos de intenso e fervoroso facer para o entusiasta sadense. Consolidou a súa vocación literaria que lle serviu de medio para expresar sentimentos e enxalzar o seu país. Era un tenaz militante do galeguismo, un apóstolo da “boa nova” que ía descubrindo. Ó mesmo tempo, achegouse ó mundo cultural cubano. Tanto que chegou a ser socio de honra do Liceo Artístico e Literario de Guanabacos, prestixiosa entidade á que estivera vencellado o propio José Martí.

En Cuba nace o poeta Manuel Lugo, e tamén o narrador (pois alí deu a coñecer,



que a autora lle dedicara ós galegos de Cuba. Como é sabido, unha das partes do poemario titúlase *Prá Habana*.

O mesmo ano do seu arribo, Lugo Freire publica o seu poema *Nostalgia*, no semanario de Álvarez Insua, (no que seguirá colaborando) e é o seu primeiro texto impreso. Tamén colaborará en *Galicia Moderna*, revista que dirixe Xosé Novo.

A incorporación de Lugo ó ámbito da emigración é inmediata. En pouco tempo, chegou a vogal da executiva do Centro Galego e foi cofundador da sociedade *Aires da miña Terra*. E en 1885 funda, co ortigueirés Ramón Armada Teixeira (Chumín de Céltigos) *A gaita gallega*, na que asina co pseudónimo de Roque das Mariñas. Trátase da primeira publicación periódica de América escrita totalmente

por entregas, *O penedo do crime*). E nace o xornalista, que ademais de colaborar na prensa galega da illa funda con Armada Teixeira o periódico mencionado. E tamén o autor teatral que escribiu daquela a peza *A costureira da aldea*.

Volta a Galicia en 1896. Un ano antes estalara a segunda guerra pola independencia, organizada por Martí. Volta o mesmo ano en que cae en combate Antonio Maceo, xeneral mambí de gran prestixio. E tamén o ano en que Curros deixa de publicar *La tierra gallega*, a causa dunha multa que lle impuxera o goberno colonial.

Foran trece anos formativos, definitivos. Cuba sería para el de por vida unha referencia entrañable. A súa fecunda traxectoria arrinca daquela etapa emigrante.




Narrativa e ideoloxía

Xavier Campos Villar

Aínda que a produción narrativa de Manuel Lugrís Freire (1863-1940) se estendeu durante boa parte da súa vida adulta, xa que o primeiro texto do que temos constancia é a novela curta *O penedo do crime* (1884) e o derradeiro é o conto 'Solidaridade' (1928), a maior concentración de textos produciuse durante o bienio 1906-1907, cadrando co tempo de máis presenza pública e de máis actividade política do noso autor. Durante eses anos Lugrís participou nas campañas do sindicato agrario Solidaridad Gallega, que se definía como republicano, anticaciquil e antientralista, trazos ideolóxicos que tamén van aparecer nos seus textos.

Aínda que a produción narrativa de Manuel Lugo Freire (1863-1940) se estendeu durante boa parte da súa vida adulta, xa que o primeiro texto do que temos constancia é a novela curta *O penedo do crime* (1884) e o derradeiro é o conto “Solidaridade” (1928), a maior concentración de textos produciuse durante o bienio 1906-1907, cadrando co tempo de máis presenza pública e de máis actividade política do noso autor. Durante eses anos Lugo participou nas campañas do sindicato agrario Solidaridad Gallega, que se definía como republicano, anticaciquil e anticoncentralista, trazos ideolóxicos que tamén van aparecer nos seus textos. Deste xeito, o agrarismo será o movemento político que máis motivou a creación narrativa de Lugo Freire, pero non podemos esquecer que estivo vencellado, directa ou indirectamente, con todos os movementos políticos galeguistas dos séculos XIX e XX. Así, reivindicou en diversos artigos de prensa a relevancia dos Mártires de Carral e mesmo chegou a promover unha campaña de doazóns para financiar a construción dun monumento na honra dos protagonistas do pronunciamento provincialista. Co rexionalismo relacionouse dende a súa estadía na illa de Cuba ao implicarse en medios que promovían esta ideoloxía como *El Eco de Galicia*, *A Gaita Gallega* e *Galicia Moderna*, decantándose polas teses progresistas defendidas por Manuel Murguía, fronte ao rexionalismo máis conservador defendido por Alfredo Brañas. Tamén eran iniciativas rexionalistas a Liga Gallega, que Lugo axudou a fundar e dirixiu nos últimos tempos desta organización; o faladorio da Cova

Céltica, no que participou dende o seu regreso a Galiza, e a Escola Rexional de Declamación, que dirixiu no 1903. Finalmente, implicouse no nacionalismo ao participar nas Irmandades da Fala e, posteriormente, ao integrarse no Partido Galeguista e ser un dos redactores do Anteproxecto de Estatuto de Autonomía. A cada un destes movementos políticos axudouno dende a militancia, dende a oratoria, pero tamén dende a escrita de textos narrativos que tentaban promover o ideario galeguista xa que, de todos os xéneros cultivados por Lugo, a narrativa breve foi o que menos agochou o seu ideario político. Ao falarmos deste xénero é preciso mencionar os *Contos de Asieumedre*, conxunto de relatos que, polo propio paratexto editorial no que se publican, están condicionados ideoloxicamente xa que coñecen unha primeira versión durante os anos 1907-1908 nas páxinas da recén nada *A Nosa Terra*, autoproclamada voceiro do sindicato Solidaridad Gallega. Están todos eles asinados por Asieumedre, único pseudónimo que Lugo emprega no século XX e que resulta moi coñecido para os lectores daquel tempo, chegando a suplantar ao ortónimo nas edicións en libro. A primeira delas, saída do prelo no 1908, é un conxunto de oito relatos que, cunha tiraxe de 20.000 exemplares, foi distribuído polo sindicato Solidaridad Gallega nunha das súas campañas políticas. Xa no tempo das Irmandades os *Contos de Asieumedre* aumentarían en número e reproduciríanse máis dunha vez na renacida *A Nosa Terra*, autodenominada agora “Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d’América e Portugal”.



Nesta páxina, Lugo (no centro) con Castelao na Coruña, en 1932. Aparecen tamén os irmáns Ponte e Plácido Castro. Na páxina anterior, Lugo coa súa filla Socorro cara a 1910.

Os relatos fan, no seu conxunto, unha defensa radical da liberdade, tanto individual como colectiva, do pobo galego, defensa da solidariedade e proposta da unidade de todos como único medio para superar as inxustizas. Naqueles textos nos que se amosan máis nidiamente os seus principios lugrisianos, o autor sitúa a acción en espazos arredados de Galiza e en tempos afastados da contemporaneidade.

Así, en “A liberdade” e “O primeiro sangue” achégase a Exipto e en “O verbo” ao Mar Caspio, co obxectivo de presentar realidades que, por moi afastadas que estean da nosa terra, reflicten os problemas e inxustizas polas que estaban a pasar os galegos e as galegas, como podemos comprobar neste fragmento do relato titulado “O primeiro sangue” no que denuncia problemas moi reais daquel tempo como eran as deficientes vías de comunicación, as levas de mozos para as guerras que estouraban nas colonias, ou o excesivo centralismo lexislativo e lingüístico:

"- Sabio e xusto Sponto, o Rei gobiñanos moi mal. Non temos camiños empedrados como os que fan os romanos na Iberia e na Mauritania, e polo mesmo non podemos leva-los froitos do noso traballo ós mercados de Fenicia e Celesía. Os nosos fillos van loitar a terras alleas por razóns que non conocemos e causas que non nos importan. As leises e maila fala da nosa terra son trocadas por outras que magoan os nosos sentimentos".


O centro dos ataques de Lugo é a figura do cacique, tamén o grande inimigo de Solidaridad Gallega, que aparece definido como hipócrita, abusador e xusticeiro, cabeza visíbel dun sistema que é "unha verdadeira rede na que, como a mosca na tea de araña, está colleito no noso sofrido labrego", tal e como manifestaba o noso autor no relato "Volve por outra".

Resulta curioso o conto titulado “Pola Patria. Episodio da Guerra da Independencia en Galicia” pola oposición á invasión napoleónica, que non debe confundirse con achegamento ao conservadorismo tradicionalista, senón que responde a unha reivindicación do propio fronte ao alieo e tamén a unha loanza da capacidade de autoorganización do pobo para resolver os seus problemas, moi na liña que trinta anos máis tarde defenderían as grandes figuras da Época Nós nas súas novelas.


Como conclusión podemos dicir que a narrativa curta de Manuel Lugo Freire, especialmente a publicada co pseudónimo Asieumedre, estivo ao servizo do seu ideario político e serviu para adoutrinar ao pobo nun tempo no que o galeguismo tiña serias dificultades para penetrar nun sistema pseudodemocrático dominado polo caciquismo.

MANUEL LUGRÍS FREIRE


AS MARIÑAS DE SADA



HOMENAXE À SOCIEDADE
SADA Y SUS CONTORNOS



Imp. ZINCKE HERMANOS
A CORUÑA





O home do escravo branco

Francisco Pillado / A. Rodríguez / S. Noia

Desde primeiros dos anos noventa, Francisco Pillado Maior esculcou na vida e na obra de Lugo Freire, até converterse no seu primeiro biógrafo e estudoso. Para Pillado, a biografía de persoeiro homenaxeado co Día das Letras percorre a historia de Galicia entre 1863 e 1940, protagonizando algúns dos acontecementos históricos máis transcendentos do galeguismo. Nesta entrevista que agora publicamos en Revista das Letras, Pillado fai un percorrido polo seu labirinto vital pero, sobre todo, indaga nas raíces de explotación que padeceron os emigrantes galegos no século XIX até converterse en auténticos escravos brancos.

En 1991, publicou o seu primeiro traballo sobre Lugo nun momento en que Lugo era unha figura absolutamente ignorada, ¿por que espertou daquela o seu interese? –No 1990, conmemorábase o 50 aniversario do seu pasamento. Daquela, a Sociedade Cultural O Facho da Coruña organizara ese ano un ciclo de conferencias en homenaxe a don Manuel Lugo Freire para dar a coñecer a súa obra, tanto a literaria como política. A min encargáranme o teatro de Lugo e fun descubrindo unha serie de cousas que me interesaban. Cando me dei conta, tiña xa máis de cen folios e, como segue ocorrendo hoxe, acudín a esa persoa verdadeiramente anhelada que é Isaac Díaz Pardo. Non houbo ningún motivo determinante para aquel desbordamento pero, talvez, o que máis me atraeu foi como Lugo utilizou o teatro como tribuna proclamatriz e reivindicativa da súa ideoloxía. Ese papel xa o tivera o teatro ao longo da historia, pero nel e nesa época, era particularmente significativa. Na Grecia clásica, o teatro era

está *La Barraca* de Lorca ou as *Misións Pedagóxicas*, que teñen como obxectivo achegar a cultura aos lugares máis afastados do territorio.

Isto serve para contextualizar a dramaturxia de Lugo, pero talvez sería conveniente ir ao primeiro ou, se o queres, ao inicio, é dicir: cando el marcha a Cuba.

–Lugo emigra en 1883, con vinte anos de idade. Alí traballa como contable e colabora en diversas publicacións. A súa experiencia como emigrante vai ser definitiva para conformar a súa ideoloxía futura. Primeiro, porque entra en contacto con círculos progresistas, republicanos e masones. Segundo, porque vive moi de perto o drama da emigración. Sen esta vivencia real, non se explicarían algunhas das súas obras posteriores. Debemos ter en conta que no 1896, cando el leva tres anos en Cuba, queda abolida a escravitude, pero non podemos pensar que foi por razóns humanitarias. Habería que ter en conta, sobre todo, o





política pura e, mesmo no século XIX, o Regulamento do Teatro español prevía que “non podían representarse pezas que non foran en idioma castelán e actuadas por actores e actrices nacionais”. Incumprir isto era un delito, pero cando se produce a invasión napoleónica, as clases máis conservadoras e burguesas de Galicia tiñan que alertar do risco que supoñía a entrada do exército francés. Como non tiñan radio ou televisión, usaban o teatro con obras circunstanciais que denunciaban a presenza do exército de Napoléon en Galicia. Como os promotores querían que o pobo se decatase desa mensaxe, escribíanse en galego. E no momento en que as tropas de Napoléon son derrotadas, volve a imposición. Aínda no 1931, os esforzos por axudar a culturizar o Estado español apóianse no teatro, e aí

temor por parte dos colonos propietarios das terras a que se repitan sucesos semellantes aos de Haití, que, cunha maioría negra, consegue a independencia a primeiros do século XIX. Isto provoca malestar, temor e preocupación. Por outro lado, cada vez é máis elevado o custo económico que supón traer escravos desde África que, como aparece nas crónicas da época, chegan nun estado calamitoso. En Cuba, segundo conta Eduardo Galeano, algúns escravos mesmo se suicidaban en grupo. Crían que así resucitaban, carne e espírito, en África. Os amos mutilaban os cadáveres para que resucitaran castrados, mancos ou decapitados, e dese xeito conseguían que moitos renunciasen á idea de matarse. Despois de ter lido numerosos libros e documentos sobre o que foi a peripecia da

escravitude, poderíanse escribir moitísimos capítulos dese libro que Borges titulou ‘Historia universal de la infamia’.

Estás debuxando, supoño, a paisaxe que Lugrís Freire se atoparía ao chegar a Cuba. –Exactamente. Mais, polas causas antes anunciadas leva a que os propietarios das grandes facendas deciden branquexar a man de obra coa fin de reducir a poboación negra mais sen renunciar aos beneficios que reportaban os escravos. Dese xeito, recórrese a EMIGRACIÓN. Roberto Mesa, no libro ‘El colonialismo en la crisis del XIX español’ escribe: “Ya tenemos pues en la Antilla mayor, junto al esclavo negro, al esclavo gallego, que sería un eufemismo llamarle de otra forma y hablar de emigración”. Entre outras cousas, preténdese ter escravos brancos que, ademais, puideran servir como forzas de choque para frear posíbeis revoltas de escravos negros. O propio Roberto Mesa, no libro antes mentado, reproduce o modelo de contrato que subscribían os galegos que ían a Cuba e que dicía así: “Yo N.N., me conformo con el salario estipulado, aunque sé y me consta que es mucho mayor el que ganan los jornaleros la juzgo compensada con las otras ventajas que ha de proporcionarme mi patrono, y en las que aparecen en este contrato”.

¿Están dicindo que os emigrantes galegos eran, en certo modo, escravos brancos? –Sen ser en certo modo. Eran escravos brancos. De feito, nun artigo publicado en ‘La Gaceta de Galicia’ en 1879, dise: “Un noventa por cento dos nosos paisanos que apenas saben ligar las letras del alfabeto y con dificultad poner su nombre, a los doce años de edad, marchan a la América en busca de provenir (...) Casi todos nuestros males tienen origen en la emigración y especialmente en la de los niños, que cada día crece”. Diante deste panorama, Lugrís publica unhas poesías de ton patriótico, de exaltación da condición de galego, que declama diante de moitos destes homes emigrantes que se congregan para escoitar os seus poemas, incluídos no libro ‘Soidades’, publicado en 1894. Estes poemas teñen un fin que persegue a autoestima. ¿Como podemos explicarnos poemas como este: “Mais eu, señores, o orgullo / que sempre agachei no peito, / Ese honor qu’eu non trocara / nin por canto hai baixo o ceo, / é poder decir ô mundo / ¡Señores, eu son gallego!”. Rosalía, en ‘Follas Novas’, que curiosamente está dedicada á Sociedade de Beneficiencia de Galicia na Habana, ve a emigración desde Galicia e faise eco na súa poesía –como ela mesma explica no prólogo do libro– de como a conmoveu sempre “e, polo tanto non podía deixar de ter un eco na miña poesía, as innumerables coitas das nosas mulleres”. Son esas “viúvas de vivos e



mortos / que ninguén consolará” postas ao final dun dos seus poemas. Lugrís, en cambio, vive a emigración desde dentro. Ve a situación duns supostos emigrantes que non son tales emigrantes: son meros escravos brancos.

¿De que forma esas vivencias na emigración van condicionar a súa obra posterior?


–El sempre se posicionará en defensa dos máis explotados, dos máis humillados e das clases máis desprotexidas, cunha ideoloxía galeguista, republicana e de influencias claramente masónicas.

¿Cando entra en contacto coa masonería?

–Hai constancia da súa filiación a unha loxia masónica na Coruña en 1926. Pero xa en Cuba entra en contacto cos círculos masónicos a través de Curros Enríquez.

¿Como foi ese regreso a Galicia?

–El regresa coa súa primeira muller, a cubana Conchita Orta, e xa comeza o seu traballo de actividade política que non terá fin nin descanso. O teatro será unha faceta da política. Forma parte do seu proxecto político. Ingresa na Liga Gallega da Cruña. É aí cando se pon en contacto cos rexionalistas coruñeses, de onde xurdirá a Escola Rexional de Declamación. El mantén



sempre unha intensa actividade política e literaria, como poeta, articulista, narrador e dramaturgo. En 1906, participa nun mitin que se celebra en Betanzos diante de máis de 6.000 persoas. Nese mitin, utilízase por vez primeira a lingua galega nun acto político e propagandístico. El figura, xa no 1916, entre as persoas que acuden ao chamamento de Villar Ponte para fundar as Irmandades da Fala na Coruña. En 1922, publica unha Gramática do Idioma

Galego, que é tamén a primeira gramática escrita integramente na nosa lingua. Logo, ingresa no Seminario de Estudos Galegos cun discurso sobre a figura de Eduardo Pondal. Como podemos ver, a través da andaina vital de Lugrís podemos facer un percorrido pola historia cultural e social de Galicia. Coa proclamación da II República, despois do impás da Dictadura de Primo de Rivera, retoma a súa actividade política sen abandonar a literaria. El é un dos principais promotores da Federación Republicana Galega, participa na redacción dos estatutos do Partido Galeguista e formou parte, con Alexandre Bóveda, da redacción do Anteproxecto de Estatuto de Autonomía para Galicia. En 1934, accede á presidencia da Real Academia Galega, da que el fora un dos promotores no 1906. Durante a súa etapa como presidente da Real Academia, inaugúrase na Coruña o magnífico monumento de Asorey a Curros Enríquez, e Lugrís participa neste acto xunto co presidente da República Española, Niceto Alcalá Zamora, cun emotivo discurso ao poeta de Celanova.

El morre pouco despois, ao fin da guerra civil, unha circunstancia vital especialmente dolorosa, a nivel político e humano...

–Morre o 15 de febreiro de 1940. A nivel político porque el vía que todo aquilo polo que loitara e entregara a súa vida, ficaba esmagado baixo a bota franquista, con moitos dos seus camaradas e amigos fusilados, exiliados e encarcerados. No aspecto humano, a situación é verdadeiramente terrible. Un dos seus fillos, o pintor Urbano Lugrís é mobilizado polas tropas franquistas, xa que o golpe de estado o colle na Coruña, e o outro, Secundino, que estudaba en Madrid, combateu coas forzas republicanas.

O legado de Lugrís foi especialmente duradeiro no teatro, aínda que hoxe non figure nas antoloxías ao uso...

–Talvez, o que ten máis interese da súa obra, globalmente, é a obra dramática. Vicente Risco definíao bastante ben: “O teatro de Lugrís é fundamentalmente de tendencia social: dramas ruraes en que o peisano loita en vao co-as forzas negras dos esplotadores do pobo, encarnados na figura do ‘cacique’. O millor drama de Lugrís é, indiscutibelmente ‘A Ponte’. É un teatro popular e de éxito, e pertence á nosa literatura revolucionaria...” Cando Risco fala de literatura revolucionaria non se refire ao plano estético senón meramente político. Lugrís utilízaa, como era, insisto, habitual en todos os autores, ao xeito de tribuna propagandística. Hai que ter en conta que os chamados rexionalistas non contaban, por falta de cartos, con outros medios de difusión, agás a ‘Revista Gallega’ que

dirixía Galo Salinas. Por tanto, LUGRÍS trata de espallar o ideario rexionalista valéndose do teatro. Porén, hai un feito que a min me gustaría salientar. Os rexionalistas, no 1903, son conscientes de que para que haxa teatro galego teñen que contar, primeiramente, cunha escola de actores primeiro. Esta escola vai ter como obxecto a formación de actores e actrices, así como animar os autores e autoras a escribir teatro, xa que non ten sentido o cultivo do xénero dramático se sabes, previamente, que as producións que realizas non van ser representadas. Esa é unha constante que está, por exemplo, na correspondencia de Álvaro Cunqueiro con Fernández del Riego. A creación desta escola é moi importante, porque pon de manifesto, entre outras cousas, que non é certo o tópico de que os galeguistas viven sempre ancorados no pasado, que reivindicán a gaita, o carro de bois, pero é curioso que este ano do 2006 comezara a funcionar en Galicia a Escola Superior de Arte Dramática, algo que os rexionalistas xa puxeran en marcha 103 anos antes. LUGRÍS e os rexionalistas poñen en funcionamento esta Escola de Declamación, da que el chegará a ser presidente. A escola ten unha vida curta practicamente un ano e uns meses e polo que podemos ler nalgúnhas crónicas de época, a razón desta curta existencia estivo nos enfrontamentos e ciumes entre os seus compoñentes. Algúns estudosos do teatro incluso afirman que a escola desapareceu porque LUGRÍS intentou monopolizala para representar os seus dramas. De feito, a escola representou cinco pezas en galego e catro son de LUGRÍS Freire. Na miña opinión, creo que o que realmente provoca ruptura definitiva da Escola Rexional de Declamación é a “radicalización” de LUGRÍS. Na súa obra ‘A ponte’, Pedro, o protagonista da mesma, farto de aturar as inxustizas

do cacique que actúa coa máis absoluta impunidad, mátao en escena. Isto vai provocar un rexeitamento. Primeiro, porque na estética do acto burgués, as accións violentas se lle furtan ao espectador, que ten noticias deles através do que comentan os personaxes da obra. O feito de que Pedro, en defensa propia, mate dunha coitelada o cacique diante dos ollos dos espectadores é algo que non todas as persoas, mesmo as próximas ideoloxicamente a LUGRÍS, están dispostas a asumir. De feito, o que LUGRÍS está a reivindicar nesta obra é o que preconizaba Rosalía no seu poema ‘A xustiza pola man’. Cando xustiza non funciona e permite o capricho de fidalgos e caciques, para LUGRÍS non existe outra saída que tomala pola man. Así, en moitos dos seus relatos, volve facer un chamamento á unión dos oprimidos para que lles chanten cara pola forza aos opresores. Como exemplo de como foi acollida a obra por un sector da prensa, podemos citar a que publica un correlexionario de LUGRÍS, Galo Salinas, na ‘Revista Gallega’: “¿No hubiera sido mejor desenlace para la tranquilidad de Pedro que el Vinculeiro perseguido se despeñase por el precipicio?”. No ano 1929, na revista ‘Vida Gallega’ publica unha enquisa sobre o teatro galego na que lle preguntan a LUGRÍS a súa opinión. El responde: “La Escuela desapareció por pequeñas rencillas, por falta de amparo de las corporaciones oficiales y, sobre todo, porque los escritores no respondían al llamamiento para el trascendental y patriótico combate á que se les invitaba. Aparecieron más tarde, cuando ya la Escuela Regional no existía, otros escritores. Algunos tan notables como Cabanillas y Cotarelo Valledor, aunque no con la tendencia de aplicar el fuerte cauterio que yo preconizaba a los problemas gallegos. Perdí la batalla”.



LUGRÍS (lendo) con Niceto Alcalá Zamora (ao seu lado, á dereita) na inauguración do monumento a Curros Enríquez na Coruña. 11-8-1934

Asieumedre, L.U. Gris, K. Ñoto...

Brais Fernández Álvarez

¿Por que honrármola memoria dun morto? ¿Por que esa teima da Academia Galega de lle dedicalo Día das Letras a xente que case ninguén coñece? No 2005 Lorenzo Varela, este ano Manuel Lugo Freire... ¿Quen sabe ren da vida deste persoeiro? A resposta é seguramente muda... e non coñecéndoo, si sabemos dos froitos dos seus moitos feitos e desvelos... ¿?

¿Alguén oiu falar dunha compañía de teatro en Galicia, ou dalgunha representación en galego? MLF escribiu as primeiras pezas de teatro en galego en prosa, e máis dirixiu o primeiro intento dunha compañía de teatro estábel en Galicia: a Escola Galega de Declamación.

¿Vístela TVG ou algún filme en galego? K.ñoto traduciu os textos dunha película muda nos anos vinte.

¿Alguén oiu o discurso dun político falando en galego? Asieumedre falou o 6 de outono do 1907 nun mitin solidario en Betanzos.

¿Alguén coñece un mestre de lingua galega? MLF publicou en 1922 a primeira gramática da lingua galega en galego e deu as primeiras aulas de idioma galego, chamábanlle o “Mestre da Fala”.

¿Coñecéde-la Academia Galega?

¿Imaxinades quen axudou a fundala na Coruña e máis na Habana?

¿Sabedes quen foi “Roque d’as Mariñas” fundador da primeira publicación integramente en galego en América?

¿E quen credes que redactou o primeiro estatuto de autonomía, ese dos tempos da República grazas ó cal, logo de rematada a Ditadura, Galicia foi recoñecida “nacionalidade histórica”?

...?i?

...Un tipo cando menos curioso este Manuel Lugo Freire. Échevos ben certo o conto de que unha persoa non pode move-lo mundo, pero o mundo non se move se non hai persoas que o empurren.

¿Que sabemos deste home? Naceu nunha familia non rica nas Mariñas –en Sada– no 1863, tres meses antes de que Rosalía tirara do prelo os seus *Cantares Gallegos* (efeméride que en Galicia conmemoramos tódolos 17 de Maio). Ós vinte anos

marchou para Cuba –que daquela aínda era unha provincia española– e integrouse nos círculos culturais d@s alí emigrad@s, entre moitos que facer fundando *A Gaita Gallega*, primeira revista integramente en galego de América. Un dato: Nos anos vinte o 10% da poboación da Habana era de orixe galega. MLF regresou para Galicia cando na illa soaban tambores de guerra: a guerra da independencia que se consumou no 98. Mais non retornou só, alén dun libro de versos (*Soidades*), unha colección da súa *Gaita Gallega* e mailo manuscrito dunha peza de teatro (*A Costureira d’aldea*), trouxo a canda si unha compañeira, muller coa que aló casara e a quen profundamente amaba. Tanto amaba que cando ela morreu L.U.Gris entrou nunha depresión tan grande que raiou o suicidio. Canalizando toda esa dor no corazón en verbas, versos, deu ó prelo o poemario máis triste da súa ilustre vida.

SEN NOME

*Non é dor o que sinto, non son mágoas,
non son melancolías,
non son esas soidades que atopan
na leda poesía
vestimenta xeitosa en que amostrarse
tan vagamente lindas...
É algo tan profundo e tan dorido,
é unha dor tan sen nome, indefinida,
que no mundo non atopa
forma que sea digna
para explica-las mágoas feridoras
que no meu peito aniñan.*

Ademais de Curros, na a Cova Céltica trabou amizade cos intelectuais daquela: Murguía, Pondal, Salinas, irmáns Carré, Tettamncy... ó carón dos cales era un mozo. Anos máis tarde traballaría tamén da man cos intelectuais do seu tempo: Cabanillas, Castelao, Risco, Otero, irmáns Vilar Ponte, Bóveda, Picallo... ó carón dos cales era un vello. Manuel foi persoeiro entre dous tempos, comunicador de dúas épocas, da Liga Rexionalista Galega ás Irmandades da Fala e ó Seminario de Estudos Galegos, xeración Nós, o Partido Galeguista e ORGA. Para uns foi mozo inqueda, para outros petrucio, vello sabio reverente. O día que se proclamou a República pendurou as bandeiras

tricolor e galega no balcón de María Pita. For polo que for, era persoa de ideas humanas, enxebres e claras e sabía expresalas.

*Homes que renunciaran ás leis da
natureza*

*Que acende nos espíritos a luz dun ideal,
Sodes orfos en todo, e espíritos da
grandeza
Que Theus verteu nas almas no día
orixinal.*

Eu quero a rebeldía

*Eu amo esa protesta que pide redención;
Quero que chegue o día
Que a cencia nos anuncia, que arela o
corazón.*

*Homes que renunciásteis ás leis da
natureza,*

*E engruñidos vivides adulando a vileza;
Sodes orfos en todo, sodes almas sen luz.
Vivides como a toupa furando a terra fría
E para o ideal pedindo a morte nunha
cruz.
¡Canto tarda ese día
En que as almas se limpen do medo e do
terror,
E a verdade escentile con lóstregos
d’amor!*

E é que ao fomenta-la autoestima das persoas, de cada persoa e de Galicia, dedicou este home a vida. Pois é ben certo que un home só non move o mundo, pero o mundo non se move de non haber quen o empurre.

2. VERBAS DE LOITA

Para Lugo só existe un inimigo merecente deste nome: os *caciques*. En varios contos e pezas de teatro fala deles como da personificación do demo. Escribe didácticas e soñadoras mensaxes na lingua do pobo e a solución no seu teatro social é clara: de 7 pezas de teatro, o cacique morre en tres (morte simbólica, MLF non era partidario da violencia).

A PONTE. ACTO II. ESCENA VII

O VINCULEIRO: Dixéronme que está na aldea o maldito de Antón, que teño de escarmentar, Dios mediante. Non faltaba máis senón que un lampantín, un mal canteiro queira facer sombra e teña reprimendas para min, o Vinculeiro, o señor don Francisco da Pena. Ben debía el de escarmentar en cabeza allea, ou na do seu compadre Pedro, a quen



botei do meu lugar, e a quen botarei por algúns anos á cadea para que non sexa un exemplo de rebeldía no distrito. (Pausa) Ánxela estará na igrexa. Esa pombiña ten de vir a min tarde ou cedo. ¡Pois non faltaba máis! Sei lia-los políticos da Cruña e máis a algún de Madrí, que, gracias a min, saeu deputado por aquí onde ninguén o coñece; sei facer que o crego sexa vasalo meu, logrei se-lo máis rico da comarca, e penso cumpri-la miña vontade en todo.

A PONTE. ACTO I. ESCENA VI

O VINCULEIRO: Ela defenderase, porque é honrada; pero outras máis se defenderon e... Ademais, esta casa é da miña propiedade. Perdoareille as rendas, fareille algún regaliños máis e ata bicarei os seus nenos, que as nais agradecen moito os agasallos que se fan ós fillos. Cando se convenza de que non custa moito ser boa... ¡quen sabe! ¡Quen sabe! (Pausa) Pois non faltaba máis, que D. Francisco da Pena, o Vinculeiro, eu, o home máis infruente e rico desta comarca non puidese face-la conquista dunha caseira súa. Ela é garrida, e ten o encanto da resistencia; mais contra das miñas mañas non hai muralla que se teña en pé, nin ponte que non poida pasarse. Ben saben tódolos viciños do concello que para a miña vontade non se fixo a palabra imposible.

[Os foros é un sistema de propiedade e traballo da terra que chegou ó seu cumio en Galicia no S.XIX. Toda a terra pertencían a uns cantos señores civís e eclesiásticos que lla arrendaban ós labregos para que a traballasen mediante un contrato chamado "foro". As cargas a que os foros obrigaban eran tan onerosas que @s labregos se vían abocados á subsistencia e pouco máis.

Os labregos traballaban terras que non lles pertencían pagando altísimas rendas, abocados á subsistencia e centos de miles tomaron o camiño do mar]

¿Que necesidade tería un homiño de corenta e tantos anos, con 5 ou 6 fillos e traballo na empresa de augas da Cruña, de se axuntar con labregos no primeiro sindicalismo do agro galego organizándose nos lugares e benempregando os cartos d@s emigrad@s. En vinte anos o conto mudou substancialmente. *Solidariedade Galega, Acción Gallega*, Basilio Álvarez, o "irmás irmáns galeg@s" de Cabanillas.... Grandes e prolongados aprausos)".

Estamos en 1907, nas Mariñas, Betanzos. Centos de labregos asisten a un mitin, un home sobe ó estrado:

DISCURSO DE BETANZOS

"Mariñáns e montañeses, homes traballadores e honrados; saúde. O que agora ten o atrevimento de falarvos é tamén un mariñán que tivo a grande sorte de nacer nesta bendita e ridente terra nosa; e, como tal mariñán, querovos falar na lingua galega, que é sagrada para nós, por sere un herdo dos nosos antepasados, primeiramente porque deste xeito me entenderedes mellor. E quero hoxe falarvos na nosa fala, porque é unha fala honrada, na que aínda non se furtou, na que non se escribiron os recibos dos consumos, nin as notificaciós de embargo das vosas facendas, nin a declaración de soldados que arrinca dos vosos lares ós fillos cando vos fan máis falta para o duro traballo da terra. Quero hoxe, repito, falarvos na nosa fala

pois algún xornal que pra escarnio e vergonza do bon sentido leva o sagro nome da nosa terra, dixo que a propaganda de redención, de verdadeira liberdade que alborexa para esta terra se había enterrar no ridículo se hoxe se vos parolaba en gallego, na fala que adeprendimos das nosas nais, na fala querendosa en que vosoutros namorástedes ás compañeiras da vosa vida e dos vosos infortunios, nais cariñosas dos vosos fillos, (Aprausos).

Con todo o meu corazón quero esta terra mariñá, terra que defendín aquí i en terras de lonxe, gabándome sempre de sere paisano voso. (Grandes aprausos) Pois hai quen din por aí que a emigración é cousa boa. Poida que por decontado o sexa. Pero eu, mariñáns, que tamén fun emigrante, podo decirvos que é boa, como é bon que un sentenciado á morte negra, fuxa, se pode, da cadea; como que un home fuxa da terra inzada de lobos, como que o paxaro fuxa do cobo das víboras.

Que lle pregunten ao galego por que larga da súa terra, que lle pregunten cántas bágoas verteron os seus ollos ao dar o derradeiro adeus á terra quirida, ao cimiterio que garda as cinzas dos seus pais, á aldea quirida onde xogou de pequeno... ¡que lle pregunten! e se eles responden veredes que negra noite de angustias, que doridos laios levan na ialma ao deixaren esta terra, que debía ser nosa, e que non podemos vivir nela porque non hai xusticia nin libertá se non para esa maldita casta que chamades caciques (...).

Meus paisanos, meus irmás, escoitade... escoitade ben. Non vos esquezades, eu volo rogo, de que a unión é a forza, e se vos xuntades non hai cañós que poidan con



vosoutros. (Atronadores aprausos)

E non coidedes que esta asociación para a vosa defensa é cousa nova nesta terra das Mariñas. Noutros tempos, no século XIII, había unhos homes poderosos, condes, marqueses e nobres, que vivían en castelos nos cumes dos montes, sempre escollidos polos paxaros de rapina, e que se facían donos das vosas vidas, das vosas honras e mais das vosas terras. Un día, un poeta mariñán, chamado Patiño, que tiña na ialma a nobreza e fidalguía dos betanceiros don Víctor Naveira e don Juan Golpe que vos dirixen nestes tempos, xuntou a tódolos labregos das Mariñas... e aqueles nobres, condes e marqueses, foron duramente escarmentados, os seus castelos desfeitos, e a xustiza cumprida; e de escravos fixéstevos homes libres pola razón da forza que sempre se encontra na irmandade e na unión. E a forza é un dereito cando nos queren furtar aquilo de que so Deus é dono: a libertá e a honra. Hoxe rexurden aqueles malos homes, que é ben certo que a mala herba non morre senón arrincándoa de raíz e prendéndolle lume; hoxe volven a facervos escravos, a roubarvos o dereito de homes libres, e tedes que tornar a xuntarvos fortemente contra dos bexatos do caciquismo (Aprausos).

Seguide, pois, asociándovos; xuntádevos contra dos vosos enemigos, e seredes fortes, e seredes libres, e faredes libre e honrada, rica e poderosa, a terra quirida onde todos nacimos. ¡Viva Galicia! ¡Viva a Solidaridá! (Grandes e prolongados aprausos)”

A idea de que a unión fai a forza víñalle de vello. Nun artigo conta que aló por 1888 un grupo de galegos desconformes coa xestión do Centro Galego na Habana de Waldo Insua fundaran unha nova sociedade chamada *Aires da Miña Terra* en loanza de Curros Enríquez e que cando o poeta visitou a cidade nunha grande homenaxe

falou desta maneira: “Agradézovos moito estas atencióis, que máis que a un poeta, adicades, ben o sei, á patria galega. Esta Sociedade que leva o nome do meu libro é unha disgregación do “Centro Gallego”, e eu quero, eu rógovos que as divisións non collan raíces entre vós. ¡Non temos máis ca un corazón; no noso ceo só brilla un sol; non temos máis ca unha nai...! eu pídovos con tódalas forzas da miña alma que vos arreconcheguedes nun só amor por Galicia, que tampouco temos máis ca unha, e esa é a nai dos galegos emigrados. A festa máis agasalladora para min, a que levantará na miña alma unha lembranza eterna, será a festa da unión de tódolos galegos da Habana”.

E ó pouco tempo reinou a irmandade e tódolos galegos se xuntaron no mesmo centro.

Se cadra alguén opina que o pasado xa foi e que os tempos actuais son outros. Se cadra hai quen pensa que non paga a pena rememora-los nosos mortos. Se cadra coida alguén que os falares d@s vell@s son pra dar ó esquecemento. ¿Teñen ou non vixencia as verbas de MLF en GALICIA HOXE?

O Momento de Galicia

Para Cataluña, conceden unha autonomía abunda para que poidan desenvolver, polo de agora, a súa vida económica e política. Teño pra min que o lograron, non porque teñan máis razón e dereito que nós, senón porque dese xeito queren evitar os conflitos que o catalanismo xurdio, intelixente e preparado poidera causar na vida xeral da República.

Agora chega o turno para Galicia. A esmola da liberdade que logremos non debemos rexeitala. Ela debe ser o alicerce da nosa reivindicación, pola que traballaremos sen acougo ata lograrmos todo aquilo a que temos dereito e que tan fortemente vive no

corazón dos bos galegos.

Hai que facer axiña unha organización nacionalista, en que queipan tódolos espíritus intelixentes, encamiñada por vieiros de comprensión moderna; de fraternidade hispánica, de aloumiñamento para os nosos irmás de alén do Miño, de tal xeito que primeiramente atendamos aos intereses particulares de Galicia sin esquecer os altos destinos a que pola lingua e pola historia estamos chamados.

Son moitos os atrancos que atoparemos no camiño, e os máis grandes e doorosos serán os que han de opornos moitos iñorantes galegos, que non parecen nados na nosa terra (...)

Mais a nosa mocidade, cada vez máis numerosa e máis galleguista, a saída do Seminario de estudos galegos de Santiago, a que acende o seu corazón no verbo dos nosos grandes poetas, que coñecen os modernos problemas dos pobos, que saben que o home non é dino namentras non sea dono do seu por herdo da mesoloxía e dosseus nobres antergos, virá, en groriosa mesada, a porse baixo a bandeira azul e branca, que será sempre bandeira de liberdade, de amor e de comprensión para tódolos homes.

Os momentos en que Galicia vai vivir son de interés supremo. Quen o non entenda así, será un suicida, e merecerá o desprecio das xentes venideiras.

A liberdade non é compreta se non reconece o dereito de tódolos individuos e agrupaciós humanas.

21-X-1931

M. Lugrís Freire

'A Nosa Terra' 289, 1-XI-1931

Logo de deposita-lo seu voto no plebiscito do Estatuto de 1936 dixo Manuel: “Agora xa podo morrer tranquilo”.

A liberdade

O lobo e mail-o can

Imitación dunha fábula de Lafontaine

Manuel Lugrís

Consta dun vello pergameo, atopado nos cimentos dunha pirámide exipcia, que aló nos comezos da historia, dinantes de que os filos de Tiro e Sidón viñesen nas súas barcas raras e fermosas a visita-las praias da Iberia, os cans non eisistían, ou millor dito, os cans e mailos lobos eran unha mesma familia, que andaban polos montes e fragas, como verdadeiros foraxidos, comendo cando podían e disfrutando dunha liberdade natural e completa.

Mais un día, cansos de trafejar no monte, dous de aqueles animás, macho e femia, baixaron a unha vila caldea. Acetaron os costumes da nova vida, e dexeneráronse canto pode dexenerarse un animal que aceta o que non é propio da súa condición.

Tal é, según o vello pergameo exipcio, o orixe do can.

Despois de moitos anos, un forte can de palleiro, tataraneto dos animais foraxidos, sintindo saudades pola liberdade, deixou a vila caldea e foise a zanganear polo monte.

Na revolta dunha congostra, atopou cun lobo famento e fraco coma un asubío. Olláronse fite a fite, e, midindo coa imaxinación as súas forzas, decidíronse prudentemente a non loitaren.

—Boas tardes, señor lobo.

—Moi boas, señor can.

—¿Seique estás melancónico?

—Estou, ho; a fame sempre foi moi dada ás grandes cavilacións. Este inverno é moi cru, a neve acocha por completo o monte, e por ningures atopo mantenza.

—Pásalo mal porque queres, lobo amigo. Eu veño dunha casta que noutros tempos andaba ceiba por estas montañas... Un día os meus antepasados decatáronse que era comenente facerse amigos dos homes, e baixaron á vila. Dendes daquela, xa ves que boa pelamia temos.

—Non é mala, non; mesmamente somellas unha virxe de Osiris polo rixo, gordo e reluciente.

—Pois ti podías esta-lo mesmo.

—¿E de que maneira?

—Facendo o que eu fago. Déixate de rila-los dentes pola noite, que tanto medo causan a tódolos animás, e faite amigo dos homes. Os homes, en verdade cho digo, son un fato de lampantís. Adúlaos canto poidas, lámbelles a man cando vexas que che van a mallar no lombo, e verás que regalada vida tes en troques. ¿Modo de servirlos? Pouca cousa tamén. Cando na eira entre un señor, con longa túnica e casco coruscante, debes menealo rabo de dereita á esquerda, dar dúas voltas á súa beira, e despois déitaste no chan ollando solermiñamente. Mais cando algún desgraiado cuberto de farrapos, vello e arrimado a un bordón, pida unha esmola, ou supoñas que nada pode dar, ládraslle canto podes, e fíncaslle os dentes nunha perna. Tratar mal ós probes é moi ben visto entre dos animás que se moven sobre dúas patas.

—Non me parece mal, —respondeu o lobo cheo de alegría— e rógoche que me leves contigo.

—Pois imos indo.

E en santa e amorosa compañía comenzaron a camiñar cara a vila. Cando xa estaban preto desta, parouse o lobo e preguntou:

—Amigo can, ¿que é o que tes no pescozo?

—¿Eu? nada.

—Fáltache o pelo en toda a volta.

—¡Ah! É o sitio da colleira, con que de noite me prenden onde a porta.

—¿Non saes fóra? —dixo o lobo sentándose sobre das patas traseiras— ¿non corres libremente pola terra toda cando che dá a gana?

—Non sempre... ¿eso que importa?

—Tanto importa que tódalas regalías e lambetadas que me brindas, nin canto de bon hai na terra, por tal precio non o quero.

E o lobo, como alma que leva o demo, botou a correr cara ó monte; e desde entón afirmouse a diferenza das dúas castas, que endexamais poideron entenderse.

Cronobiografía

1863: Nace Manuel Antonio Lugo Freire un 11 de febreiro do 1863, como fai constar na súa partida de nacemento na parroquia de Santa María de Sada, inda que unha nota manuscrita dunha das súas fillas a sitúa no 12 de febreiro no barrio de Fontán (Sada), unha vila cun intenso saldo emigratorio a Cuba, Nova York ou Bos Aires; vila á que chegan o seu pai, Manuel Lugo de Serantes e a súa nai Socorro Freire de Sada, procedentes de Dexo (Oleiros). Nace no ano en que Rosalía de Castro encinta o rexurdir das letras galegas publica un dos máximos emblemas ‘Cantares Gallegos’.

1877-1883: Escribe Lugo –a quen Vilar Ponte o definiu como benxamín dos precursores e o evanxalista dos continuadores– ‘Nociones generales de mitología’. Son moitos os pseudónimos que usa ao longo da súa vida: ‘Asiumedre’ nos Contos da Nosa Terra, ‘Roque das Mariñas’ en A Gaita Galega, ‘Manuel L. Freire-Calcelo’ en Vida Gallega ou L. U. Gris, na poesía ‘Chegada na revista cubana Galicia Ilustrada’. Con menos de vinte anos e despois de rematados os seus estudos de primeiro ensino, foi escribente no Concello de Oleiros.

1883: Marcha a Cuba. Chámalo a filas e colle camiño da emigración a Cuba, reclamado polo seu irmán maior Placido, que levaba tempo na Illa e que o vai orientar en nocións de contabilidade. Serán trece anos en Cuba, onde toma contacto coa colonia galega instalada na Habana, ata que no 1896, volve a Galicia. O oficio de contable ou tenedor de libros será o sostén de Lugo ao longo da súa vida; ao que lle dedica nun principio, segundo o seu amigo o poeta Curros, máis de 14 horas diarias: traballa na Habana primeiro para Otamendi Amiel (1884), logo para Hermanos González e Cía (1885) e, ao fin, dende 1890 ata súa volta, en Urisandi Álvarez (1890).

1884: Designado vogal da Xunta directiva do Centro Galego da Habana. Publica no xornal ‘El Eco de Galicia’ a súa primeira colaboración: un poema titulado ‘Nostalxia’.

1885: Comeza o seu labor literario con ‘A costureira d’a aldea’, a súa primeira obra costumista para ser representada no seo da colectividade galega da Habana: unha peza que non chegou a ser publicada en vida do autor. Desde o 5 de agosto do 1885 ata o 30 de setembro do 1889 edita en Cuba ‘A gaita Gallega’: unha empresa que impulsa co seu amigo Ramón Armada Teixeira que se converte na primeira publicación escrita integramente en galego na emigración. Pelexado con Armada, afástase da edición, tras seis entregas. Publica en ‘El Eco de Galicia’ a novela curta ‘O penedo do crime’ sobre seis entregas e ‘De Galicia á Lavapiés’ para dar resposta a unha ridiculización dos galegos. É nomeado socio de honra do Liceo Artístico e Literario de Guanabacoa e do Liceo Artístico e Literario de Regla, os dous principais puntos de encontro do mundo intelectual habaneiro. Rosalía de Castro morre en Padrón un 15 de xullo. Cinco anos despois Brañas publica ‘El Regionalismo’ e constitúese a Asociación Regionalista Galega.

1890: As tarifas aduaneiras en Cuba provocan un primeiro enfrontamento con España, antesala do enfrontamento da guerra da independencia.

1891: Publica na revista ‘Galicia Ilustrada’ en Cuba, onde tamén colabora o célebre xornalista e poeta Curros Enríquez. Dirixe na Habana ‘Galicia moderna’ en unión de José Novo García.

1894: escribe na Habana ‘Soidades’, cun prólogo loatorio e bastante crítico de Curros Enríquez. No prólogo lese: “su amor a la poesía es tan efusivo que la misma impetuosidad del sentimiento no siempre le permite detenerse a consultar el arte para amarla.. Hay en todos tanto amor a Galicia que dificulto que exista hoy un solo poeta que le supere en intensidad de ese sentimiento y en saber manifestarlo con tanto calor y viveza”. O contacto de Lugo con Curros viña dende que anos atrás os dous compartían tertulia no malecón da Habana na taberna nun

local rexentado por un chinés. O 10 de marzo está presente no banquete-homenaxe da colectividade galega a Curros, do que foi un dos seus promotores: “Aceitunas d’Ourense, xamón de Lugo, Longaniza de Moeche ou Ostras d’a Ponte San Payo”, no almorzo. Segue o intenso contacto coa intelectualidade, marcando a súa obra a esperanza na súa naiTerra: Galicia. Carré Aldao colle en traspaso a librería ‘regionalista de Martínez Salazar e a imprenta de Domingo Puga, e dalle vida a ‘Cova Céltica0, na que se integraría activamente Lugo nas tertulias con Murguía ou Pondal, os seus mestres.

1896: Volta a Galicia. Lugo, sempre autodidacta e inquieto, e a súa familia son repatriados e instálase na Coruña onde atopa emprego na Litografía la Artística, antesala da súa entrada en La Azucarera Gallega. Será en Sociedade Anónima Aguas de La Coruña, onde se asente definitivamente ata a súa morte no 1940. Na empresa figura como secretario-contador; será socio-accionista e, como tal, impulsaría a auga potable na cidade. Regresa casado cunha cubana de ascendencia española, Concepción Orta, un auténtico amor platónico. Intégrase activamente na Liga Gallega e a Cova Céltica.

1897: Con Carré e Salvador Golpe redacta os estatutos da Liga Gallega da Cruña que presentan ante o Gobernador Provincial o 8 de novembro. A defensa dos intereses morais, materiais, políticos, económicos de Galicia é o principal obxectivo. Coa Liga lanza a campaña: autonomía para Galicia. Con Murguía e Pondal, será un dos nomes que poñan fin á etapa rexionalista do galeguismo. Con Salvador Golpe asina varios artigos en ‘Revista Gallega’ con duras críticas a Brañas, ao que acusan de falar en nome de todos os rexionalistas.

1898: Os portos galegos recibiron nada menos que 28.261 repatriados da guerra de Cuba. “Eran espectros más que personas vivientes y su cuerpo flácido y escueto cubierto de aldrajos les daba un aspecto a la vez repugnante hasta el horror y tristitismo hasta hacer derramar las lágrimas”, escribe a editorial dun xornal da Coruña. É a crónica dunha aceda polémica que abrolla cando o vapor ‘Alicante’ atraca no peirao da Coruña un 23 de agosto de 1898, con 100.000 soldados a bordo. Lugo fai arenga na defensa dos intereses galegos na Illa e resistir os ataques dun pobo de piratas?, o que constitúe unha boa proba do resentimento co que partira Lugo da Habana, con motivo da súa repatriación. España perde definitivamente os restos do seu imperio, coa desocupación de Cuba e Filipinas. Morre na Coruña o seu grande amor, Concepción Orta e Iglesias, coa que casara en Cuba. Un amor do que deixa testemuño na tumba: “Conchita! La muerte no impide que vivas en mi corazón”. Do matrimonio ten unha filla, Socorro Lugo Orta, que foi mestra en Sobrado dos Monxes. Coa morte de Socorro, entra nunha profunda depresión na que pensa incluso en suicidarse.

1901: Escribe o libro de poesía ‘Noitebras’, dedicado a Socorro e Pondal, onde combina o pesimismo pola morte do seu amor con outros de intención social. Camiña, segundo Carballo Calero, cara unha “lingua máis culta” e unha versificación “máis segura”. Lugo non esquece Cuba e empeza a erguer a voz contra a sociedade que o rodea e que caracteriza a súa produción.

1902: Empeza a colaborar no xornal ‘Galicia’ da Habana, colaboración que mantén ata o 1930. Casa coa recoñecida pianista e membro da Real Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario Purificación González Varela, irmá do pintor e escritor rexionalista Urbano González, coa que terá cinco fillos: Secundino, Manuel –que foi administrador de Augas, o fantástico e surrealista Urbano Lugo, Pilar e Purificación, que morreron en Porto. Logo de vivir na rúa Panaderas e Feijoo, fixa a súa residencia na rúa Sto. Andrés número 202-segunda, onde morre ós 77 anos, nun día chuvioso e triste.

1903: Edita a súa primeira obra dramática ‘A ponte’, representada no Teatro Principal da Coruña que inaugura o

teatro galego en prosa. No diálogo escóitase: “Xa sabe vosté que as leises, anque non son malas, endexamais se aprican aos pobres. Garantías, sufraxio electoral, leis de produción á traballo. Boh! protexen os ricos, os poderosos namentras os pobres boqueamos de fame. Namentras os nosos labregos non teñen idea do que é a construción, do que é o dereito, do que val a unión ¡Miserere nobis!”. Con ‘A Ponte’ quixo Lugrís contribuír á empresa que funda co inxustamente esquecido Galo Salinas, con quen mantivo diferentes criterios na escolma das obras: a Escola Rexional de Declamación. Non en van a Lugrís débeselle o valor, en palabras de Juan Naya, de “non sólo o de levantar el teatro gallego, sino la de crearlo porque hasta entonces nada de verdadera altura se había hecho en este género”. Apoios que se estenderon coa ‘Revista Gallega’ –publicación que funcionou como órgano oficial da Lliga galega– dirixida por Galo Salinas onde Lugrís publica relatos ou poemas que lle dedica a Pondal ou Carré.

1904: Alentado polo éxito de ‘A Ponte’, escribe ‘Minia’ que estrea no Teatro Jofre de Ferrol o 19 de marzo. En outubro remata outra peza: ‘Mareiras’, a máis longa das publicadas ata a data, coa que completa a súa colaboración na Escola Rexional de Declamación. Naquel ano inaugúrase o Monumento aos Mártires de Carral; un acto no que intervén en galego Lugrís quen activara a homenaxe aos “mártires da liberdade” como xa os definía, na súa reivindicación nun artigo no 1898. É membro fundador da Asociación de prensa da Coruña.

1905: Avanza na creación, con Curros e outros emigrantes en Cuba, da Real Academia Galega. No 4 de setembro do 1905 asiste á súa fundación e foi un dos 40 académicos de número que toman posesión naquela data, tal e como figura no Boletín da Real Academia Galega. Ocupa a cadeira número 14 desde setembro do 1906, na que permanece ata a súa morte. Nacen os seus fillos xemelgos Secundino e María do Pilar.

1906: Segue a súa traxectoria literaria publica a peza teatral ‘Eslavitú, un drama que non se estrea ata dous anos despois: un feito insólito na dramaturxia de Lugrís que sempre publicara os textos logo da estrea. Remite o 20 de agosto a RAG un vocabulario galego escrito a máquina. O 30 de setembro, cando se constitúe de iure a RAG, fai eloxio na Academia de Lamas Carvajal, lendo a poesía ‘Amor de patria’. Segue a sesión coa lectura da poesía de Pondal e co discurso do académico de número Leandro Saralegui y Medina.

1907: Crea con Rodrigo Sanz o sindicato agrario ‘Solidaridad Gallega’, na confluencia do ideario rexionalista e agrarista. De ideoloxía nidiamente rexionalista, anticaciquil e anticontralista. Os rexionalistas saen por fin da ?cova? onde estaban. O 26 de outubro usa por primeira vez na historia, a lingua galega nun mitin agrarista na vila de Betanzos con motivo dunha campaña do sindicato. Segundo a crónica foi unha afevoadada alocución á que asistiron sete mil persoas e na que Lugrís fixo unha defensa da lingua, unha lembranza das causas e consecuencias tráxicas que a emigración tiña para Galicia, así como un chamamento á unidade para loitar contra o grande inimigo social, o cacique. No acto atópase o líder republicano, valedor de Solidaritat Catalá, Nicolás Salmerón. Segundo o xornal ‘A Nosa Terra’, o 20 de xaneiro verte ‘Mareiras’ ao castelán mentres que o 10 de febreiro traduce ‘A Ponte’. O 4 de setembro participa nun acto tributo á Rosalía de Castro e Concepción Arenal. Ratifica o seu posto na comisión organizadora do teatro circo de ‘Solidaridad gallega’ o 19 de setembro. A actividade militante e a súa oratoria é frenética. Un mes máis tarde dá un mitin en Cambre que con Bergondo, Carral, Sarandóns ou Coruña vaino converter nun dos grandes oradores solidarios. Non obstante polo seu carácter burgués, conta coa oposición socialista, anarquista, liberal e conservadora. Daquela xa forma parte da sección ortográfica da RAG, figurando na comisión dun ansiado Dicionario. Escribe en ‘A Nosa Terra’ o artigo ‘La tolerancia y los nuevos ideales’ no que mantén que “la revolución del 89 proclamó los derechos de los hombres (...) y al reconocimiento de agrupaciones históricas... el ideal de las reivindicaciones regionales surgió incontrastablemente con los últimos años y ya nadie se atreverá a negar su existencia y la legitimidad de sus

pretensiones”. Son anos moi activos na loita contra a redención dos foros, nos que se organiza o Directorio Antiforista de Teis.

1907-1908: Ocupa a vicepresidencia do centro Solidario da Coruña –un dos centros de ‘Solidaridad Gallega’ espallados por Galicia– e é membro do consello de redacción de ‘A Nosa Terra’ –que acaba de nacer como voceiro de ‘Solidaridad’– e onde publicará os ‘Contos’ co pseudónimo de ‘Asieumedre’ e, baixo o título xenérico de ‘A Carón do lar’: unha serie de contos populares de intención social, reproducidos moitas veces, nas revistas da emigración americana. Nun dos contos ‘O primeiro sangue’ escribe: “cando os encargados de administrar a xustiza (que é a paz, o fundamento dos pobos civilizados, a verdadeira representación de Isis na terra) faltan os seus deberes (...) debe de empregarse a forza. Labregos, pobo traballador e forte ifacede vos a xustiza!”.

1908: Estrea ‘Mareiras’ no Jofre de Ferrol: “A mellor obra dramática escrita en galego” lese na crónica de ‘A Nosa Terra’ do 26 de xaneiro. Membro dunha comisión que acompaña a uns labregos de Cerceda para “evitar o trato colonial” en marzo daquel ano, Lugrís enterra o seu amigo Curros. Morto en Cuba, os seus restos foron trasladados a Coruña: entre trinta e corenta mil persoas, cifran as crónicas da época, o número de asistentes ao acto que dirixiu Lugrís e no que recitou en público o poema ‘Saúdo’: un brinde en galego serviu de despedida á colectividade galega que viñera da Habana á despedida do popular e querido poeta de Celanova. Forma parte doutra comisión de recibimento a Alfonso XIII. Xan de Martinete dedícalle aquel ano unha poesía en ‘A Nosa Terra’ titulada: ‘Axúdате que Dios che axudará’. Editan, de xeito independente, os Contos de Asieumedre nunha tirada de vinte mil exemplares. Contos sinxelos, inxenuos, cheos dun doce sentimento de amor á Terra, a súa lingua e que lle valeron unha gran popularidade e que se recolleron en repetidas edicións. Unha das últimas foi no 1970 na serie ‘Moucho’ na editorial Castrelos.

1909: Asiste en abril a un banquete na Coruña en homenaxe a Murguía. Colabora a partir daquela en ‘Vida Gallega’ ata o 1935. Nace a súa derradeira filla Purificación.

1912 e 1913: Colabora nos xornais en Cuba ‘La patria Gallega’ e ‘Labor Gallega’. As loitas internas de ‘Solidaridad gallega’ acaban co colectivo no 1912.

1915: Colabora na Revista madrileña ‘España’.

1916: Forma parte da constitución Irmandades da Fala, respondendo ao chamamento de Vilar Ponte.: Lugrís foi un dos trinta asistentes ao acto celebrado nos locais da Real Academia Galega. Nunha das súas campañas das Irmandades, o 14 de novembro, pronuncia un discurso sobre o seu amigo Pondal. Figura no panel de redactores e colaboradores de ‘A Nosa Terra’ nesta nova etapa que se converte en idearium das Irmandades que dende o 1918 son inequivocamente nacionalistas. Estréase o drama ‘Escravitú’ na Coruña e presenta nunha lectura pública na súa casa ‘O Pazo: unha obra que con ‘Mareiras’ e ‘Escravitú’ o leva a ser nomeado ‘mestre da Lingua’, a proposta de Ricardo Carballo. Representase no centro católico de obreiro da Coruña ‘Minia’, ‘Escravitú’ e ‘O Pazo’. Estrea ‘A Ponte’ en Monforte e ‘Escravitú’ en Pontevedra. Como mestre da fala vai impartir clases na RAG e participa nun ciclo de conferencias dos Amigos da Fala de Santiago. Toma parte da Asociación de auxilios dos dependentes de comercio da Coruña.

1917: Arrinca o ano, o 13 de xaneiro, dando unha conferencia no centro dos Amigos da fala sobre ‘Cousas interesantes da Historia galega’ e incorpórase a marcha patriótica dentro da campaña das Irmandades da Fala en Lugo, Coruña, Monforte e Villalba. Participa, o 11 de febreiro, no primeiro mitin galeguista en Ferrol e unha semana antes dá unha conferencia sobre o teatro galego na Coruña. Edítase a comedia ‘O Pazo’. Asiste no leito de morte o bardo Eduardo Pondal de quen fai unha fermosa peza oratoria no cemiterio de san Amaro.

1918: Comeza a colaborar no xornal ‘El Noroeste de grande

obras. Asina a táboa reivindicativa das Irmandades da Fala: cooficialidade do galego, igualdade da muller e postulados ecoloxistas para un proxecto progresista.

1919: Entrega a comedia ‘Estadeiña’ que ‘A Nosa Terra’ presenta como “a laboura dun ano” que leva a escena a compañía Rodrigo García o 10 de xaneiro do 1920. Escribe ‘Versos de loita’ como folleto do xornal ‘El Noroeste’ que supón o regreso de LUGRÍS a poesía con versos que apostan polo celtismo, seguindo ao seu amigo Pondal. Estréase en Vigo a obra ‘O Pazo’.

1920: colabora no xornal ‘Acción Coruñesa’ no ano que aparece a revista ‘Nós’ de xesta ourensá e se constituía na Arxentina, un ano máis tarde, a Federación de Sociedades Galegas.

1922: Elabora a ‘Gramática do idioma galego’, primeira escrita integramente en galego, seguindo a traxectoria de Saco e Arce. Cualificada como “perfecta e axustada os modernos adiantos da lingoaxe”, tamén recibe as críticas, como a súa falta de madurez, dos novos, como do poeta Manoel Antonio que a definiu como “o esperpento gramatical” de LUGRÍS e que o único que lle produce é “comicidade”. Foron os vellos galeguistas, como Vilar Ponte, quen se desfixo en loubanzas e valorou a forza do seu espírito: “todos os patriotas bos temos que acoller con fonda simpatía”, repuxo. O 1 de abril represéntase ‘Estadeiña’ e o día seguinte ‘Mareiras’. ‘O Pazo’ foi elixida coma a mellor obra do ano.

1923: O 8 de maio pasa a ser socio do Seminario de Estudos galegos (SEG), onde le o seu discurso de ingreso, o 20 de novembro, sobre Eduardo Pondal. A Universidade, unha institución coa que non tivera contacto, agasallábao ao admitilo no seo do SEG no ano no que o galeguismo debe repregarse a posicións máis culturais coa chegada da ditadura de Primo de Rivera. Participa do 5 ao 6 de decembro no consello executivo dos Estatutos do Partido Galeguista. O 24 de marzo represéntase ‘O Pazo’ nunha velada das Irmandades da Fala e o mes seguinte, ‘A Ponte’ na Escola Dramática Galega. Activo conferenciante, imparte unha o 16 de marzo, sobre a etnografía galega. a cuarta dunha serie organizada polo Seición de Cultura e Fala da Irmandade da Fala coruñesa, na que LUGRÍS se axuda por primeira vez en Galicia dunha sesión de proxeccións cinematográficas.

1924: Nomeado en xullo Fillo Predilecto da vila de Sada, a proposta do alcalde Manuel Dopico. Antes, o 1 de xaneiro, inaugúrase na vila coruñesa a escola ‘Sada y sus contornos’, pagada pola sociedade do mesmo nome en Nova York e da que é presidente honorario e encargado de asuntos económicos en Galicia, LUGRÍS Freire. Con motivo do cuarto centenario de Camões, imparte unha conferencia en nome da Real Academia Galega, na que ademais de ler o poema ‘A fala’ de Pondal, fixo unha defensa das orixes celtas, comúns a galegos e portugueses e reivindicou a galeguidade dos devanceiros do autor portugués homenaxeado. Chegou a afirmar que ese antepasado galego do autor de ‘Os Lusíadas’ fora un nobre galego chamado Vasco Peres de Caamaño, que tería as súas terras e castelao na marxe dereita do río Tambre. É autor dos primeiros carteis en galego para unha película ‘Maruxa’ sobre a zarzuela de Amadeo Vives e Luis Pascual.

1925: Colaborador da revista ‘Nós’.

1926: No Seminario de Estudos Galegos (SEG) imparte o 14 de marzo unha conferencia sobre a autora portuguesa Carolina Michelis de Vasconcellos nunha sesión presidida por Risco e Cabeza de León na que insta a recuperación da lírica medieval da autora. Aproveitouse o evento para que ingresaran na institución Ramón Cabanillas, Noriega Varela, López Abente e Victoriano Taibo. O 7 de setembro foi nomeado socio correspondente do Instituto Histórico do Minho. Foi neste ano, cando, por encargo da RAG, edita a obra postuma de Pondal, traballo que deixa por rivalidades cun membro do consello directivo. Morre o seu querido irmán Plácido en Cuba.

1927: Escribe ‘Ardencias’, representada o 15 de marzo na Coruña e considerada o mellor libro do autor. Vai dedicado a “xenerosa e ben encamiñada mocidade galega, que

mantén acesas no corazón as ardencias pola nobre causa no noso rexurdimento, escritos foron estes versos, derradeiras e humildosas flores do meu xardín inzado de ilusións e esperanzas”. LUGRÍS era consciente, aos seus setenta e catro anos, de que o futuro da lingua estaba na xente nova. O 1 de xuño apróbbase darlle o nome a unha rúa na súa vila natal de Sada. Tamén os galeguistas de Bos Aires lle farían unha, o 15 de agosto, cando publica ‘Ardencias’. O 22 de abril dá unha conferencia sobre o ‘Estado actual da nosa literatura’.

1928: Segue a liña literaria con ‘As Mariñas de Sada’, dedicado a sociedade de Sada e ós seus contornos con motivo da realización dos primeiros exames no centro de ensino, pago pola sociedade de emigrantes.

1929: LUGRÍS acompaña a Risco na RAG. Encárganlle para un Congreso de Barcelona, un traballo sobre Sada e As Mariñas co fin de espallar a cultura galega a través de conferencias, fomento da música e libros de propaganda da Deputación da Coruña. Está presente na festa da Arbre Froital, en representación das Irmandades da Fala.

1930: Homenaxe en Sada, co descubrimento dunha placa de mármore e bronce na praza de San Roque, organizado na ‘Sociedad de Sada y sus contornos’ da que foi presidente honorífico. No banquete popular interveñen, entre outros, Casares Quiroga, Antón Vilar Ponte, Víctor Casas, Emilio González López, Eladio Rodríguez e as autoridades locais de Sada da sociedade Sada os seus contornos. Traballa na confección dun programa para o Partido Autonomista Republicano Agrario con Vilar Ponte para a campaña do 1930 e na montaxe da Federación republicana gallega. Participa nun acto, para o autor moi emotivo, da colocación da bandeira galega no concello da Coruña.

1931: Publica a segunda edición de ‘Gramática do idioma galego’ no mesmo ano na que cae a Ditadura de Primo de Rivera. O tándem monarquía-ditadura non dá resultado e Alfonso XIII marcha ao exilio. O 14 de abril, cando nace o novo marco da II República, ergue co seu amigo Luis Suárez e xa de madrugada, a bandeira republicana. Membro da comisión redactora do Anteproyecto de Estatuto da Galiza que finalizou, en maio do 1931, do Seminario de Estudos Galegos. O 4 de xuño abre a Asamblea da Coruña das Irmadades sobre a elaboración do anteproxecto de Estatuto, cun discurso en galego. O 6 de decembro de 1931 resulta elixido membro do consello que vai redactar os estatutos do Partido Galeguista, no que se integran os grupos galeguistas dispersos por Galicia adiante. Fúndase o Partido galeguista, o soporte dunha formación de masas. Castelao, Suárez Picallo e Otero Pedrayo saen elixidos deputados xunto con outros 10 membros da ORGA.

1932: Na axenda novos mitin galeguistas, en novembro e decembro, con cita en Mabegondo onde participa con Castelao e Suárez Picallo. As crónicas dan conta dunha calorosa e razoada defensa da autonomía, en combate co novo caciquismo republicano e botaron en cara aos demais partidos a súa falta de contacto co pobo. Combateuse, engaden, sinalando as cifras da inxustiza tributaria que pesa sobre Galicia: a reforma agraria, o Estatuto do viño, o ferrocarril Zamora-Coruña, a introdución de madeiras exóticas, de carne conxelada, gando portugués de contrabando e outros temas de actualidade que van, subliñan, en perxuízo do labrador galego. Representante, xunto con Alexandre Bóveda, na comisión técnica e interpartidaria que redactou por encargo da asemblea de municipios de Galicia, reunida en Santiago o 3 de xullo, o anteproxecto definitivo do Estatuto.

1933: Participa, en maio, nunha velada no centenario de Murguía nos locais da Agrupación Republicana Femenina. A presidenta da agrupación Elvira Bao, leu textos dun dos teóricos do rexionalismo e a secretaria do colectivo Amparo Jean de Alvajar leu un poema de Cabanillas dedicado ao patriarca das letras, LUGRÍS lembrou a quen foi o seu amigo.

1934: Presidente electo da Real Academia Galega con voto unánime. Sendo presidente –cargo que desenvolverá do 28 de abril de 1934 ata agosto do 1935– inaugura un



monumento a Curros na Coruña. Alí, o 11 de agosto, recibe ao presidente da República Nicolás Alcalá Zamora. Lugrís chega a presidencia da RAG ao renunciar Eladio Rodríguez, o anterior presidente, por enfermidade. A institución atravesaba unha dobre crise: de credibilidade por parte dos sectores máis novos do galeguismo ou vencellados ás vangardas e económica, xa que moitas achegas e doazóns de diñeiro que viñan da emigración, principal fonte de financiamento da institución durante tres décadas, foran minguando. Unha nota de prensa do 1986 mantén nunha efeméride que Lugrís fora destituído da presidencia da RAG polas súas ideas e actividades galeguistas e republicanas. O 24 de xullo participa xunto con outros oradores –Plácido Castro, Antón Villar Ponte, Francisco del Riego, Núñez Búa, Alexandre Bóveda, Castelao, Suárez Picallo, Vitor Casas, Álvarez Gallego, Otero Pedrayo, Iglesias Alvariño, Sebastián González, Gómez Román, López Abente, Carballo Calero e Francisco Fernández del Riego– nun mitin que glosa a figura de Curros na Coruña. Como presidente, recibe o 14 de xuño a Castelao na RAG que leu o seu discurso ‘As cruces de pedra en Galiza’. Na foto da recepción do acto solemne no salón de sesións no Pazo municipal vese a Lugrís e Castelao con López Abente, Eladio Rodríguez, Villar Ponte ou Otero Pedrayo. Dous días, 12 de xuño, Lugrís será designado socio de mérito no Instituto Histórico do Minho. O instituto Ibero-americano de Berlín solicita un exemplar da súa Gramática. Fúndanse as Mocidades Galeguistas, organización xuvenil do Partido Galeguista.

1935: no primeiro centenario de Pondal dá unha conferencia no circo de Artesanos. Tres días despois fai unha memoria sobre Pondal onde inclúe o seu discurso de ingreso no SEG. Cae enfermo, tendo que vivir a partir de entón nunha cadeira de rodas.

1936-39: Estala a sublevación fascista contra a República e un desanimado e enfermo Lugrís terá que vivir a participación de dous dos seus fillos na guerra, un de cada bando: Plácido, será oficial de formación no Quinto Regimiento en Madrid e Urbano, combatente reclutado na parte ‘nacional’. Acabada a guerra, a represión franquista aínda é máis dura en Galicia onde Galicia esgaza e miles de galegos e galegas inician o camiño do exilio. Empeza a II Guerra Mundial e Vigo pasa a ser porto de avituallamento de barcos nazis.

1940: Morre na Coruña un 15 de febreiro. Recibirá varias homenaxes póstumas –unha no seu centenario–. A Universidade de Illinois solicita un exemplar da súa Gramática. Del Otero Pedrayo no ‘Libro dos amigos’ escribe: “Lugrís era a alma de tertulias, palabra rexa, pintorescas, expresiva. Nin ácido nin irónico. Era home de peito pra atacar de fronte e pra recibir e responder os ataques. Había unha rara elegancia de tribuno-na época de tantos oradores-na maneira de erguerse Lugrís pra falar en público e deitar as primeiras verbas (...) dubidosas e ben logo confiado home”. O seu neto Manuel defineo como “un home que levou no corazón á súa Patria”. Os seus restos repousan cara ó mar no panteón número 53 do terceiro departamento de cemiterio coruñés de San Amaro, cerca de Curros. “Levouno”, narra o seu neto, “o vento bruando dende a enseada do Orzán, no estertor dunha guerra que o ferira de morte a súa y-alma, mais, aínda que a enfermidade”.

1941: recordatorio de Lugrís Freire no discurso de ingreso na RAG de López Abente.

1954: O seu fillo o pintor Urbano Lugrís fai unha descrición do seu pai no artigo ‘Ventana al pasado’ en Atlántida.

1963: Actos de homenaxe con motivo do centenario de Manuel Lugrís. Un século dende o seu nacemento cando a RAG, presidida por Martínez Risco, o lembra no cemiterio de Santo Amaro.


Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Chico Mirás.



18 MAIO DO 2006 - NÚMERO 618

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**



OS CAMIÑOS
de Abbas Kiarostami

O uso da paisaxe no cine do director iraniano Abbas Kiarostami ofrece unha rica lectura da relación humana cos grandes espazos abertos, fóra do control e a comodidade que nos brinda a pragmática vida urbana. Oposta á relación de esforzo e sacrificio que impón a natureza, descóbrese nesas paisaxes a satisfacción que ofrece a súa escala, a súa beleza rudimentariamente harmoniosa. Se o cine de Kiarostami insiste en ilustrar esa negociación necesaria para conquistar distancias e inclemencias, as súas fotografías céntranse en construír unha idea da paisaxe debuxada a poder de outeiros, camiños e árbores de gran forza simbólica, case idílica, que reúne nunha imaxe o horizonte das súas viaxes xunto ós que se diría que imaxinou cando estaba

Abbas Kiarostami

A dirección dos camiños

lonxe deles. “Durante os primeiros anos da revolución, o traballo diminuíu significativamente. Un día, cando non tiña nada que facer, merquei unha Yashica barata e dirixinme á natureza. Desexaba confundirme con ela e deixei que ela me marcasse o camiño. Á vez, tamén quería compartir os momentos de pracer que vivira con outros. Esta é a razón pola que comecei a tomar fotografías. Quería eternizar aqueles momentos de pracer e de dor”, deste xeito describe Kiarostami como comezou a súa relación coa fotografía, unha afección que mantivo ininterrompida até agora mesmo. Revista das Letras amosa neste monográfico algúns dos seus traballos, especificamente a serie titulada ‘Camiños’, que actualmente se exhibe en distintas cidades do mundo.





Ao longo dos últimos dez anos, acompañei –ou seguí– a Abbas Kiarostami a distintos lugares do mundo, incluso a Irán. Nunca esqueceré un paseo polo campo dúas horas ao norte de Teherán: sopraba o vento e o contraste de sombras dos outeiros debuxaba o que logo constituiría unha das composicións fotográficas máis coñecidas do cineasta. Tampouco esqueceré outro paseo polos bosques de Viterbo cando, ao mirar unha fermosa arboreda, me dixo: “Non basta con atopar un lugar fermoso. Sempre hai que buscar unha razón gráfica para pulsar o disparador; do contrario, a foto será simplemente un souvenir do lugar ideal para facer un picnic”.

O encadre de Kiarostami, perfectamente sintetizado nos versos dos seus poemas, é sempre

esencial, abonda en detalles. Moitas das súas fotografías foron tomadas durante un senfín de viaxes aos mesmos lugares, en distintas temporadas e ao longo dos anos.

Unha foto é un instante, por certo, fugaz. Non obstante, Kiarostami espera, con suma paciencia, case con obstinación, e busca, volve unha e outra vez, até que o ollo chega a captar o que a alma lle suxire ou lle reclama.

Hai algúns anos, en Salonicco, contounos que nunha ocasión, despois de facer unha vintena de fotos en poucas horas, volveu unha e outra vez á mesma tenda para mercar primeiro dous rollos, logo tres, e así até esgotarlle a mercadoría. Desafortunadamente, polo menos ese día, non logrou captar “o” instante, ese que el percibía e no que acadaba ver.



Kiarostami sempre nos lembra que “ese momento” o abrangue todo.

A traxectoria fotográfica de Kiarostami, completamente persoal, provén da necesidade de rexistrar o momento e de compartilo cos demais. De feito, non cansa de repetilo cando se lle pregunta de onde xorde esa necesidade de tirar fotos, e de pouco serve citar os referentes, xa sexa italianos ou norteamericanos, desde Gaicomelli até Adams.

Kiarostami o director, o “domador da mirada”, toma a licenza de falsificar a realidade para lograr unha imaxe cinematográfica máis conveniente, unha interpretación do espazo que resulte máis próxima á súa “historia”. En cambio, Kiarostami o fotógrafo non intervén, non inventa unha realidade ficticia. Déixase guiar pola natureza mentres fixa a mirada nunha imaxe que

talvez só el presente. A paisaxe é unha constante en todas as súas fotografías. É moito máis que a representación dun lugar, é unha reflexión interna, un pensamento, un poema.

Kiarostami comenta con frecuencia que a linguaxe da fotografía non necesita expresarse en palabras. E no seu caso, tampouco necesita subtítulos. Tamén se di que a súa realidade se achega á “realidade”, pero nunca debe confundirse con ela. As súas fotografías non teñen nin data nin lugar. O momento existe na súa mirada e revive na mirada do espectador que observa a imaxe. A cada un invítao a deambular libremente polas paisaxes, os camiños, debaixo das árbores, e a interpretalos, sen indicación ningunha, como máis lle guste.

Elisa Resegotti



En tránsito

Non lembro cal foi o primeiro camiño ante o cal me detiven para facer unha fotografía e, obviamente, hai 25 anos non sabía nin podía prever que algunha vez faría exposicións. Polo cal, cada camiño era un camiño illado, independente. Cando abría a caixa que contén todo o meu material, decateime de todos os camiños que fotografei ao longo destes anos. Tamén o cine que fago está cheo de camiños. 'O vento hanos levar' (1999), por exemplo, comeza cun camiño. Noutras ocasións, tiven a oportunidade de volver falar dos camiños, da influencia que o feito de percorrelos ten na nosa vida. Os camiños posúen un significado profundo na poesía clásica iraniana.

Refírense a un ir e vir, a migrar, a trasladarse dun lado a outro; remiten a un sentimento de tristeza, de desprendemento, de chegada a un lugar descoñecido. Fan alusión ao nacemento e á morte. Na nosa vida pasamos continuamente dun camiño a outro. De modo simbólico, cando afrontamos os momentos difíciles, é como se transitáramos por outeiros, camiños que parecían imposibles. Todos os camiños comezan nun punto e terminan noutro. Pero todos os camiños están repletos de historias e de seres humanos que os percorreron, seguindo os mesmos trazos. Ninguén sabe quen o fixo, de onde partiu e onde chegou.

Abbas Kiarostami



Seis poemas

1

As pegadas dun camiñante na névoa
¿Saíu dar un paseo?
¿Regresa?
¿Polo mesmo camino?

2

Cen soldados obedientes
entran aos barracóns
ao comezar a noite iluminada pola lúa
soños sen regras

3

Esta vez o ganso salvaxe
aterrixa nos xuncos que aplasta

4

Qué delicioso
que a vella tartaruga non vexa
o voo leve do paxaro

5

A abella asómbrase
do aroma
dunha flor que non coñece

6

Esta vez a araña
comeza a texer
nun pano de seda

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Fotocomposición: Chico Mirás.



25 MAIO DO 2006 - NÚMERO 619

rdl

REVISTA
DAS
LETRAS



MANUEL RIVAS
os libros arden mal

Achegar unha nova especie vexetal e contribuír á biodiversidade. Ese é o obxectivo de Manuel Rivas coa súa última novela, ‘Os libros arden mal’, que Xerais porá á venda o próximo mes tras case un ano de anuncios e contraanuncios de publicación inmediata. Oitocentas páxinas, unha paisaxe cronolóxica que abrangue de 1881 ao 2006 e catro anos de traballos son algunhas das cifras desta novela chamada a converterse na sensación da temporada, nova entrega dun escritor que converte cada unha das súas obras –poesía, narrativa ou ensaio– en auténticos acontecementos para os lectores. E á vista do adianto que hoxe publicamos en Revista das Letras, Rivas non defraudará. Concibida como unha especie de esfera armilar –instrumento astronómico con varios aneis que ilustran a posición dos astros no espazo–, ‘Os libros arden mal’ indaga na “historia dramática da cultura galega” a través de distintos personaxes, voces e xéneros. Ás veces poemario, noutras páxinas

Manuel Rivas

Os astros da esfera armilar

ensaio ou crónica das convulsións de Galicia ao longo da pasada centuria, o libro nútrese de abondosa documentación arredor de feitos como a queima de libros en 1936 na Coruña, ou indaga nos efectos do estilo a través dunha prosa que vai cambiando a medida que os tempos mudan e as palabras se trasmutan. “Facer unha novela”, asegura o escritor, “é facer un contrato coa realidade” e o estilo –engade– “é o esencial ao contar unha historia”. Aínda que tratou de reflectir a vida de distintos estratos sociais, coa novidade en Galicia de afondar no perfil da clase media-alta urbana, ‘Os libros arden mal’ está protagonizada por uns mozos anarquistas, símbolo da importancia que os “libertarios tiveron na concepción alternativa da sociedade”. Agora, cos ferros da edición na man e “a excitación gozosa” da inminencia, Rivas compara a súa experiencia coa do bispo Gonzalo, que falaba coas baleas. “Un día, meteuse no ventre dunha balea e saíu del cunha imaxe da Nosa Señora do Carme nos brazos. Tamén me metín nunha, pero eu saín con esta novela”.



rcl | 3
Galicia Hoxe 25/05/06

Foto: Nacho Santás

A miga de pan

12 de xullo de 1936

4 | **rdl**
Galicia Hoxe 25/05/06

Bota unha misa por nós, Polca!
As cavidades das pedras tiñan alí o xeito de tronos, de cadeiras de granito. Francisco Crecente, *Polca*, o único que non estaba espido, subiu á pía máis alta da Ara Solis do Castro, cuspiu cun sopro saudoso a pebida da derradeira cereixa, fixo o sinal da cruz e murmurou: *In principio erat Verbum*.

Non se oe, protestou Terranova. Máis alto!
Polca sentiu as pugas do sol nos ollos. Puxo a man de viseira e viu case o que buscaba. A carón do regato do Souto, pola ladeira, había roupa tendida como un alegre enxerto de xente na natureza. Estendeu os brazos e a súa voz de predicador montou nas raiolas monte abaixo.

*Et lux in ténebris lucet et tenebrae ean
non comprehendérunt
etcétera, etcétera*

O segundo domingo de xullo viñera cun dispendio de luz. Ninguén se podía fiar dese ceo de vertixe, a porta de todas as borrascas dos Azores, nin sequera en pleno verán. Mais desta vez atinaran na misión. Polca estaba ledo e orgulloso. Aceptaran a súa proposta. Era a súa aldeia. E hoxe tiña a escala dun paraíso.

Todo era dar do sol e a paisaxe non parecía gardar nada para si. Sentíase no ras da elevación. Estas ruínas foran o primeiro asento da cidade, un monte fortificado, a prudente distancia do mar. Entre a Ara Solis e o Faro de Hércules, no outeiro do istmo, existía un eixe visual. Calquera que ocupara o lugar de Polca experimentaría esa ollada xeolóxica. A cidade renacera no mar, cinguira a grande rocha atlántica e fixérase palafita nos areais e nas marismas, gañara espazo no ventre da baía, cunha sensualidade de xardíns e construcións nas que o fundamento era o cristal. Como o mar era hoxe un eido de espello, Polca pensou que verdadeiramente o segundo domingo de xullo era un agasallo e merecía unha bendición.

Un oficio divino, Polca!
Holando lera os dez mandamentos do naturismo. No baño de sol, tombados e espidos sobre as pedras quentes, forradas de veludo musgo e os dourados do lique, co péndulo das cereixas sobre os beizos, a medir o tempo de fóra a dentro, todo o enunciado tiña a forma dun afloramento da razón. O cuarto: Non deixedes de bañarvos todos os días en auga fría. Aí houbo un apupo. De onde é o profeta? O doutor Nigro Basciano é do Brasil. Así calquera. Polo demais, asentían. Deica o décimo: Non vos alimentedes de carnes, nin asasinedes os pobres animais, sendo compasivos con eles. Ment sana in corpore sano. Finis. Amen.

Houbo un tempo de silencio. O que duraron as cereixas.

Iso será despois das festas!, exclamou á fin Polca.

O que?

O de ser compasivo cos animais.

Ti tómallo todo a chiste, dixo Holando. Os matadoiros son un espectáculo arrepiante. Fixádevos no Orzán cando hai matanza. O mar tinxido do sangue das reses. Non é unha vergoña prehistórica? Aquí as vacas tamén deberían ser sagradas.

Por iso é que as comemos, dixo de súpeto Anceis. Case nunca falaba. Aurelio Anceis era un mozo moi serio, caviloso. E cando o facía, cando falaba, parecía arrepentirse logo. Estaba a piques de saír para Pasai San Pedro, onde embarcaría nun bacallaeiro vasco. Faltábanlle só dous días. Era tamén poeta. Un poeta secreto. Comezara a escribir o que el chamaba *Poemas S.O.S.*, no ronsel do poeta mariñeiro Manoel -Antonio, o vangardista de *De catro a catro*. Nin sequera publicara na casa dos amigos, na revista *Brazo e cerebro*. Un dos poucos a quen os confiaba era a Arturo da Silva. Atopaba unha relación entre o escribir poemas, tal como el os entendía, e o boxear.

O mesmo que a Cristo, dixo Anceis.

Non vexo a comparación, replicou Holando.

Por que a xente preferiu que soltaran a Barrabás e crucificaran a Cristo? Foi, por así dicilo, unha elección de calidade gastronómica. A quen meterlle o dente. O que mellor sabe é o sagrado. É unha homeopatía. O culto ao Sagrado Corazón de Xesús. A Semana Santa coa celebración do Calvario e a Crucifixión. O sacramento da Comuñón. É o devezo por nutrirse do sagrado. Os cantores gregos comían os grilos. Os atletas, os saltóns.

Oíu como rían. Pestanexou. Era el quen os fixera rir. Ninguén imitara a súa voz. Os amigos rían. Eran mozos alegres. Falaban de revolución como dunha festa. Levaban días preparando a xira dos Caneiros. Ía haber un tren especial. Irían logo en barcas remontando as augas escintilantes do Mandeo cara ao corazón da fraga. Habería discursos libertarios, comida a fartar, e logo música, moita música. Era un día fermoso, un día de paraíso na terra. Parecía un pecado non ser feliz. Así que dixo:

Perdón.

El, en realidade, estaba a pensar nun poema no que as verbas eran migas de pan sobre un mantel de hule. Pasara a noite en vela, consciente por vez primeira o corpo de que ía abandonar a súa terra nunha longa viaxe. Os dedos do silencio traballaban á par que as ás das velaíñas. Foran puíndo migas de pan esféricas coa exactitude encarnizada das doas dun rosario astral. Unha desas migas esféricas era o sol do segundo domingo de xullo.

Perdoa, Holando.

Non hai nada que perdoar. O que eu digo é que non necesitamos sacrificar animais para sobrevivir. Nunha sociedade máis civilizada, sobrarían alimentos. É nos países máis ricos onde máis animais se sacrifican sen necesidade. Sabedes por que case se extinguen os búfalos nas grandes praderías americanas? Pola lingua. Os indios aproveitaban todo, mais as grandes matanzas foron feitas polos brancos. A lingua de búfalo foi un menú de moda nos restaurantes de Nova York. O Búfalo Bill era unha máquina de matar, un cazador industrial. Nun día disque matou máis de tres mil búfalos el só.

Tres mil?

Ollaron o val faturento de Elviña. Máis aló, A Granxa, na beira do río de Monelos. Tres mil búfalos eran moitos búfalos.

Daquela, a finais de século, mataban catro millóns de búfalos ao ano. Catro millóns de linguas. Cos ósos poderían facer outra muralla chinesa. Faltou a mente monumental.

Ten razón Holando, dixo Arturo da Silva. Iso si que sería poñer o mundo do revés. Deixar de sermos carnívoros. Mais xa sabes o que facían os monxes de Oseira en Coresma, cando estaba prohibido comer carne. Tiraban os porcos ao río e logo botaban as redes para pescalos. Os labradores, que non podían nin cheirar o touciño, baixo pena de excomuñón, foron protestar por aquel abuso e o abade dixo: Todo o que cae na rede é peixe!

O campión de Galicia dos pesos lixeiros apoiou a cabeza e os cóbados no chan alfombrado de musgo e foi estricando as pernas deica o alto dunha maneira ximnástica. Cabeza abaixo dixo: E eu necesito un bisté para boxear.

Terranova achégase a el. O seu andar é cómico, de charlot descalzo, que leva como imaxinario caxato unha palla de feo, coa que sinala o sexo do campión, ao tempo que declama a máis clásica do seu repertorio portuario: *Eu sou aquella occulto e grande cabo a quem chamades vós outros Tormentorio*. Arturo non resiste as cóxegas da espiga nin a risa que lle provoca a clásica ironía. Ponse de pé en acrobacia e bota a correr detrás de Terranova que xa salvou unha matogueira de toxo, gabea polo penedo e pousa escultórico nun saínte a xeito de peaña. Cobre e descobre coas mans: Oh, Gran Pene caído en desventura! *Lurdo di Columnata!* Pobre touciño meu curado en mármore de Carrara.

A pel moi morena, parecía que andara toda a vida espido ao sol. E brincaba polos penedos con lixeireza, sen ter que mirar os pés. A escola dos percebeiros da Gaivoteira, o Altar, o Cabalo das Praderías, os grandes cons do pé do Faro. O que a el lle gustaba ter un público atento a quen cantar, a quen divertir co saber portuario, aquela picardía internacional que tiña enfeitizado ao veterano mestre Amil, nas clases de noite da Escola Racionalista. Terranova ascendeu un chanzo natural. Cubriu e descubriu o sexo co capucho das mans.

Non é culpa miña. Díxomo Luba, a do *Normandie*: Se a tes pequena non é culpa túa que é de Baba. Quen é Baba? Quen vai ser? o Demo. Usou contra ti unha forza por riba da forza e unha potencia por enriba da túa potencia. Iso, tal cal, dito por unha camareira do maior vapor do mundo, deixoume feito un trapo. E non ten remedio, Luba? Claro que ten remedio, corazón. Darlle a volta ao mundo. E logo botouse a rir. Tiñades que ver a dentadura de Luba. Contan que cando ardeu o pavillón Lino só ficaron intactas as teclas do órgano. Pois así son os dentes de Luba. Deberían poñer un retrato seu de mascarón na proa do *Normandie*. É dunha alegría que mete medo. Explícate mellor, Luba, díxenlle, como se lle dá a volta ao mundo? Tedes que ver esa dentadura. A peza máis valiosa do *Normandie*. É o que fai andar ese vapor.

Abrevia. Cal é o remedio?

Lede *Brazo e cerebro!* E cumprir os mandamentos do naturismo.

Holando tiroulle un seixo que apuntou ao embigo: Non sexas parvo.

Síntoo. Non o podo dicir. Vai contra todas as relixións.

Mellor.

E dixo Luba: Que a muller sexa ceo e o home, terra.

E así medra o pene?

Así medra todo, mi vida.

Estamos aquí, a secar, como deuses.

Como congros. Non me fales de deuses.

Deuses gregos, dixo Holando. Eu gosto deles. Pasaban o día a baixar e subir, no Alén e no Aquén. Sen medo a esvarar na folla da figueira. Prometeo era un libertario. O primeiro en rachar as cadeas. E Dioniso, outro. A ese había que levalo de santo aos Caneiros. E que me decides de Afrodita, Atenea...?

Minerva!

Minerva non, dixo Holando. Esa era itálica.

Aínda que tamén vale o seu.

Ollou de esguello. Todos estaban a rir. Mesmo Arturo da Silva, coa cabeza pousada na terra. Todos a pensar na bibliotecaria de Xerminal. Tamén el. O primeiro.

Que si vale? Por todos nós!, exclamou Patiño. Onde andará hoxe?

Elas van aos Pelamios e a San Amaro, dixo Leica. E á praia das Cunchas. Hainas que se bañan espidas.

Víchelas ti!

Vinnas. Ela, na praia das Cunchas, só vestida con algas. Esa si que é unha deusa.

Andavas ás fotos, Leica?

Non. Andaba á luz. Hai que aprender a ver.

E a túa irmá, Leica, tamén se baña ao pé da Torre?, preguntou Arturo da Silva.

A miña irmá anda por Francia. Déronlle unha beca de pintura.

Mágoa que non veña pintar aos Caneiros.

Iría de boa gaña. Seguro.

As mulleres van ao mar e nós aquí, como carneiros sagrados, dixo Dafonte. No monte celta. O vindeiro domingo hai que baixar ao mar, a vestirse con algas, a mergullarse no clasicismo.

Agora Terranova está a rabuñar baixo o musgo e a cavar coas mans, cun entusiasmo infantil.

Aquí ten que haber tesouros. Non viñestes nunca coas ferramentas, Polca?

Viñemos. De cativos. Mais non atopamos nada. Agás un sifón. Unha botella de sifón.

Un sifón celta.

Iso. O que si atopan os labradores cada vez que se remove a terra no val para sementar son botóns de guerreiras onde se pode ler *Liberté, Egalité, Fraternité*. Todo isto que vedes foi un terríbel campo de batalla. A batalla de Elviña. Que se saiba, a máis dura da historia de Galicia. Eu mesmo teño un deses botóns na chaqueta. Aí, na manga. E era certo. A chaqueta estaba pendurada da galladura dun reboło cinguido á muralla do castro.

Chéiranse os tesouros, dixo Terranova. Teñen que estar ao ras. Agora o seu cavar era cómico, imitando o can que busca un óso soterrado.

Haber houbo, dixo Seoane. Os tesouros dos castros e das mámoas foron espoliados a esgalla a principios do século XVII. O rei autorizou a un tal Vázquez de Orxas a facer cavas e remover os monumentos funerarios. Concedeulle a exclusiva do negocio con tal de darlle unha parte á Casa Real. O máis rechamante é que non os rapinaran antes. Estaba esgotado o ouro de América e foi unha mágoa que alguén pensara na verdade das lendas. A xente disfrazara os tesouros con

contos. Estaban protexidos por ananos, por princesas mouras, por serpes con ás. Os ananos dominaban idiomas, sabían latín, como Polca, e se falabas a lingua da proba abrían a porta do tesouro. O vello Carré contounos a historia dun tatexo que tiña moita sorte atopando tesouros porque os ananos o deron por políglota. En fin. Os tesouros de Galicia fóronse ao carallo por mor dun licenciado que creu nos libros que ninguén cría, e tomou nota dos contos dos vellos. Os contos estaban cheos de ouro. E era verdade. Mesmo atopou un pato de ouro macizo nunha mámoa.

Algo quedará. Algo sempre queda, dixo Terranova. Como se chamaba esa vella guía dos tesouros?

O *Ciprianillo*, dixo Seoane. Seica foi o libro máis lido da historia de Galicia.

Os anarquistas deberíades editar un novo *Ciprianillo*. Un libro dos tesouros. Algún pato quedará.

O vello libro xa era anarquista dabondo, respondeu Seoane. Disque para atinar con el había que saber ler e desler.

Polca dirixiu a mirada cara á súa aldea.

A xente, dalgunha maneira, transportaba a luz. Nas verbas, nas vestimentas, nos acenos. Os sons pertencían á luz. El nacera alí. Escoitaba, sen intervir, a conversa dos tesouros. Recordou a lenda que aínda el oíra contar ao vello Mariñán. Parecíalle o máis atinado que se dixera verbo dos tesouros. Que había que estar atento os días de sol porque os ananos que gardaban as alfaias e os metais preciosos baixo terra algún día terían que sacalos a secar para que non enferruxaran. Polca non estaba interesado no que había soterrado, senón na superficie. Mirou en panorámica. Había unhas sabas estendidas que facían o efecto dun espello. En realidade, o que el estaba a buscar coa ollada era a Olinda, a misteira. Hoxe era a parte da lenda dos tesouros que máis lle importaba, a que dicía que non es ti quen atopa un tesouro, senón que é o tesouro que te elixe a ti.

O que aquí hai!, berrou Terranova.

Comezou a sacar cunchas. Atopara un ostreiro. Habíaas tamén de vieira. Velaquí, dixo Terranova. E ergueu con solemnidade na palma da man un esqueleto de ourizo de mar. Unha esfera hipnótica.

Gustáballes o que á túa nai, Curtis. Os ourizos de mar.

E a misa, Polca, quen che aprendeu o oficio divino?

Eu non xoguei de neno. O meu único xogo foi ser sacerdote. Eu querer quería ser gaiteiro. Pero ao que podía xogar era a ser cura. Todo o día na Igrexa. Esa foi a miña escola, o meu campo de xogos, o meu traballo. Todo a un tempo. Dende moi cativo axudei a misa. Mandáronme de acólito. Tocoume por ser o máis pobre. Os acólitos non son os ricos. Iso debe ser o pouco que queda de cando a Igrexa era virxe, antes de Constantino. Para acólito é un mérito ser pobre. O meu pai era canteiro. Morreu mozo, ao pouco de eu nacer, nunha obra. Non, non o matou unha pedra. A un canteiro nunca o mata unha pedra. Foi unha molleira fría que colleu e que se lle meteu na caixa dos ósos e xa non lle saíu. O caso é

que eu fun de acólito á parroquia con media ducia de anos. Misas, novenas, rosarios, vodas, bautizos, comuñóns, uncións... Eu case falei antes latín que galego. A miña lingua natal, con perdón, foiche a do Vaticano. Todo o día alí metido. Eu o latín non sei destripalo, pero seino enteiro. O meu foi un mergullo, o primeiro crisol que se me puxo na cabeza. Ademais ocorreu algo importante, o párroco, don Benigno, foi perdendo a memoria. Non de a poucos, non por letras ou verbas, senón en anacos, en frases. Marchaban e xa non lle volvían. Parecía que perdera a frase e o máis o sitio da frase. E entón eu era a súa segunda memoria. Era, por dicilo así, o subministrador de frases perdidas. E por iso tiña que estar moi aleuto en todos os oficios. Estaba alí de apuntador. Como acólito, era un profesional. Sempre procurei facer ben o meu traballo. Morreu don Benigno, veu o novo párroco, e non nos entendemos. E xa me pasara a época de acólito. A don Benigno non lle molestaba que eu fixera de bispo no Entroido. Xa sabedes que facemos unha procesión de comparsas o mércores de cinza, polo enterro do Entroido, que imos tiralo ao río de Monelos. E antes de desprendernos del facémoslle unha misa pola alma do defunto, unha misa de *corpore insepulto* que nós chamamos de *corpore en su punto*. O caso é que a don Benigno tanto lle tiña. Mesmo eu penso que lle facía algo de chiste. Unha risa pascual. Ti non me leves a clientela e xa está, iso foi o que me dixo. Despois do Entroido, xa virá a Coresma. Mais o novo párroco tomouna pola tremenda. Nada de risa pascual.

O Entroido é como Os Caneiros, dixo Holando. Unha festa democrática, o mundo do revés.

Agora xa non se toca a gaita nos enterros. Eu de pequeno xa ía de acólito aos enterros. E aí me fixen gaiteiro. A música entroume como o latín, enteira. Podía pensar en ir ao seminario e facerme padre, pero non, a min o que me emocionaba era o ser gaiteiro. A gaita pode soar como o mellor fagot. Eu iría aos enterros só por escoitar un requiem de gaita.

A gaita non ten futuro, Polca, convéncente, dixo de súpeto Terranova.

Quen dixo iso? Non oín nada.

Botárona dos salóns de baile. E non serve para o jazz nin nada diso. Acabarás só, no monte, tocando a gaita para os ananos dos tesouros e as princesas mouras.

Como que non serve para o jazz? Ti es máis parvo que un barítono. O vento...

Dizz, Bird... Esa é música, Polca. A música do futuro.

Algún día escoitarás unha gaita nunha peza de jazz, ignorante, respondeu Polca. Agora estaba en verdade anoxado. Todo o mundo sabía que Polca estaba anoxado cando utilizaba o alcume de ignorante.

Ten razón Polca, dixo Seoane. Mozart meteu n' *A frauta máxica* un chifro de afiador.

Luís Terranova bailou nunha das pías da Ara. Movía o pube en voluptuosa parodia de danza popular:

D'aqueles puntos
que fan agora
de afora adentro
de adentro afora!

Mágoa que non cante Curtis, dixo Arturo da Silva. Podíamos ter un Paul Robeson en vez dun

Luís Terranova.

Paul Robeson! É o máximo, dixo entusiasmado o violinista Seoane. A voz da humanidade, da terra, do cosmos. En Nova York, un día que el cantou, tremaron os edificios todos dos bancos de Wall Street. Se Robeson, un supoñer, cantara no Faro de Hércules, nós escoitaríamolo aquí, na Ara solis.

Ol' man river

Dat ol' man river

He mus' know sumpin'

But don't say nuthin'

Hai unha proporción entre a lonxitude das cordas e a vibración do son. As cordas de Robeson están feitas de tripa. Si que necesitaríamos un Paul Robeson. Unha voz que faga tremar os banqueiros e chorar as pedras.

Con Robeson ou sen Robeson, sen gaita non hai Caneiros, sentenciou Holando. É o noso big bang! Un instrumento cósmico. A nai de todos os aires. Ánimo, Polca!

Non sei, dixo Polca. Non sei se a levarei.

Luís Terranova baixou do penedo da Ara e púxose de xeonllos diante de Polca.

Dame a túa beizón, padre.

E Polca fixo o sinal da cruz e dixo nun rumor:

Et Verbum caro factum est, et habitávit in nobis, etcétera. Agora reza tres painosos.

Terranova ergueuse e sacudiu dos xeonllos a terra e os argueiros de herba. Dixo:

Tres painosos? Só sei un.

Mentres os outros se vestían, Polca puxo a man de viseira e volveu a percorrer o val. Máis aló de San Cristovo, despois da Agrela, estaba a Fontenova. Era claro que aquel destelo tiña que proceder do letreiro de cristal de azougue de O Resplandor, feito por Isolino Díaz na cristalería de Rubine. Fora boa idea a do letreiro. Un sol no medio dun incendio.

Ía dicilo, anuncialo, en voz alta. Mais o outros estaban a rirse nun balbordo infantil mentres se vestían. Así que llo comentou ao moi próximo, a Arturo da Silva.

Ao cabo, el fora o da idea. Ves? Aquel é o espello de O Resplandor. O destelo arrincou o sorriso do boxeador naquel rostro de talla dura.

Velaquí o doado que é facer feliz a un home, pensou Polca. O sinal dun espello ao lonxe.

A rexouba que tiñan montada era por Holando. Tomara o baño de sol tombado nunha laxe e tivera o descoido de deixar o libro dos mandamentos naturistas pousado no peito. Esa parte da pel ficara abrancazada, pálida, e o resto bronceada e mesmo intensamente colorada nas beiras. A feitura dun libro na pel. A impresión natural dun libro.

Vas impresionar a Minerva, dixo Seoane. Agora teslle que poñer un título marcado a ferro quente. E logo pregoou: O vindeiro domingo, 19 de xullo, todos á praia esa onde as mozas se visten con algas. E o día dous de agosto, xira aos Caneiros. O que non teña aínda billete para o tren especial que fale con Hércules.

Velaí o vén, dixo Polca. Adestrándose para a primeira comunión.

Alí viña, a correr polos carreiros, entre os campos de millo, que estaban a medio home de altos, Vicente Curtis, o *Hércules* do Papagaio. O *sparring* de Arturo da Silva.

Si, loita o día 17 por vez primeira, dixo Arturo. Tendes que ir apoialo. Este rapaz vai ser a gloria de Galicia. Ten tanto ar no peito como todos nós

xuntos. Fálánlle os puños.

Xa sabes o que eu penso do boxeo, dixo Holando. Para defenderse, mellor é que lle aprendas a poñer as ferraduras do burro do revés.

Iso tamén, dixo Arturo.

Fixéchela adrede, dixo Terranova a Holando. A tatuaxe do libro para lucir coas minervas.

Diso nada. Holando mostrou fachendoso o peito coa ventá enmarcada do libro: É o instinto da cultura que elixe a mellor madeira. É a natureza tomando conciencia de si mesma.

A conciencia. Polca sentiuse como un delincuente. Tiña que devolver canto antes aquel outro libro á biblioteca. Desta semana, que non pasara. Cada vez que o abría, lía con máis devoción e con máis culpa.

Coordinación: A.R. López e S. Noia. Deseño: Signum. Foto de portada: nenos que marcharon exiliados a Chile no Winipeg en 1939

